

ORZAMENTOS

CONECTANDO

A network diagram consisting of several grey circular nodes connected by thin grey lines, forming a complex web of connections. The nodes are arranged in a roughly triangular pattern on the left side of the page.

20

23

Aprobados polo Consello de Goberno o 28/12/2022
Aprobados polo Consello Social o 29/12/2022

ÍNDICE

I. LIMIAR	3
II. BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA PARA O 2023	60
III. ANEXOS	77
Anexo A. Estrutura orgánica da xestión orzamentaria	77
Anexo B. Orzamento de ingresos 2023	81
Anexo C. Orzamento de gastos 2023	85
Anexo D. Créditos asignados aos departamentos universitarios	99
Anexo E. Créditos asignados aos centros docentes	101
Anexo F. Composición das partidas do fondo de I+D+i	103
Anexo G. Información sobre partidas de gasto	105
Anexo H. Compensación de custos indirectos	259
Anexo I. Cadros de persoal	260
Anexo L. Relación de postos de traballo do PAS	263
Anexo M. Relación de postos de traballo do PDI	307

I. LIMIAR

UNHA OLLADA AO 2022

O ano 2022 estivo marcado polo cambio de lexislatura e as eleccións a reitor e ao Claustro da USC, celebradas o 23 de febreiro. Isto supuxo tamén a prórroga dos orzamentos do 2021, que estiveron vixentes ata a aprobación dos orzamentos para o ano 2022 nas sesións do Consello de Goberno e do Consello Social, celebradas o 25 de e o 30 de maio de 2022, respectivamente.

Como xa se adiantaba nas liñas xerais dos orzamentos do 2022, os obxectivos principais vinculábanse coa execución de proxectos iniciados con anterioridade, tendo en conta que a súa vixencia é tan só de sete meses.

Porén, para analizar o seu grao de cumprimento cómpre ter en conta novas circunstancias que condicionarán os resultados deste exercicio e os orzamentos de 2023.

A reactivación económica asociada á remisión dos efectos pola pandemia de COVID-19 xa viña producindo un encarecemento das subministracións que se agudizou coa invasión da Ucraína. As fortes distorsións nos prezos da enerxía están facendo que os gobernos adopten medidas excepcionais orientadas á contención do gasto e a unha menor dependencia de fontes de enerxía externas.

A Universidade de Santiago de Compostela adquire a enerxía eléctrica, o gas natural e o gasóleo a través dos contratos negociados pola Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), que permite obter condicións vantaxosas de prezos e servizos ao agrupar o consumo dun grande número de organismos e institucións. Este instrumento amorteceu os incrementos de prezos durante os anos 2021 e 2022 pero o aumento consolidado dos custos obrigou a recoñecer o dereito do adxudicatario á revisión de prezos. No mes de agosto, a Xunta comunicou o incremento previsto para o resto do ano que ascende a 1,3 millóns, que se suman aos 4,9 millóns xa previstos no orzamento aprobado.

Porén, a situación máis preocupante é a previsión para o orzamento de 2023, no que os incrementos previstos son do 326% para o custo do gas natural, do 220%

para o da electricidade e do 210% para o do gasóleo. A contía ascende a 10,9 millóns de euros, é dicir, 6 millóns de euros máis que os inicialmente previstos en 2022, polo que tendo en conta as previsións de crecemento do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 cómpre actuar sobre o gasto enerxético das instalacións universitarias con medidas destinadas á contención da demanda, mellorando a xestión das instalacións e os medios de medición, o control e a sectorización de forma que a infraestrutura e a súa xestión se poda adaptar ás prácticas de racionalización horaria, do uso dos espazos, a organización flexible do traballo, e apelando á responsabilidade colectiva e individual. Así mesmo, no medio e longo prazo as medidas deben actuar sobre a produción de enerxía eléctrica e calor, aumentando o autoconsumo a partir de fontes renovables no caso da electricidade e diminuíndo a dependencia do gas natural para usar fontes renovables e próximas no caso da produción de calor.

Con estes obxectivos, a USC aprobou no Consello de Goberno que tivo lugar o 29 de setembro de 2022 o Plan de Estratexia Enerxética 2022-2026.

Tendo en conta o contexto descrito, antes de revisar a execución das liñas previstas nos orzamentos para o ano 2022, cómpre analizar o estado da débeda financeira da Universidade.

A pesar da situación, afrontouse o pagamento da débeda planificada, consolidando un escenario de maior viabilidade económica no medio prazo, como se pode comprobar no cadro de amortización de débeda:

Exercicio	Débeda pendente	Débeda bancaria	Anticipos autonómicos	Anticipos estatais	Anticipos totais	Total para amortizar no exercicio
2023	14.425.563,32	1.871.297,13	646.658,33	45.292,06	691.950,39	2.563.247,52
2024	11.862.315,80	1.886.431,50	468.750,00	45.292,02	514.042,02	2.400.473,52
2025	9.461.842,28	1.901.875,29	468.750,00	-	468.750,00	2.370.625,29
2026	7.091.216,99	1.917.634,82	468.750,00	-	468.750,00	2.386.384,82
2027	4.704.832,17	1.933.716,56	468.750,00	-	468.750,00	2.402.466,56
2028	2.302.365,61	1.833.615,61	468.750,00	-	468.750,00	2.302.365,61

O resultado axustado do ano 2021 foi levemente positivo (0,4 millóns) e consolidou unha senda de mellora na necesidade de financiamento, baixando de 15,9 millóns en 2020 a 15,4 en 2021.

Porén, os efectos da crise enerxética notáranse no peche de contas de 2022, cuxa previsión é de 1,3 millóns de déficit a 29 de outubro. O resultado final estará condicionado polas medidas de prudencia adoptadas na Resolución da Xerencia, do 28 de outubro de 2022, de medidas de prudencia orzamentaria no exercicio 2022.

Sen prexuízo da información máis detallada que se renderá no informe de xestión do reitor sobre o ano 2022, a continuación revísanse os principais gastos proxectados nos orzamentos deste ano, poñéndoo en relación coa liña estratéxica ou instrumental na que se encadraban.

Liñas estratéxicas

1. As persoas

Nesta liña, nas principais actuacións, prevíanse as seguintes:

Plan de proxección social da USC, dotado con 270.000 €. Realizáronse as xornadas #BenVida USC, con máis de 40 actividades distribuídas en 15 localizacións distintas en Santiago e 9 en Lugo. Púxose en marcha a descentralización de actividades culturais e deportivas, cunha convocatoria aberta aos centros docentes e residencias da USC, dotada con 50.000 euros inicialmente e ampliable en 2023 en función da demanda.

No relativo á participación do alumnado, promoveuse a actividade do Consello do Estudantado, recentemente elixido, financiando a súa actividade ordinaria e a prevista para as eleccións de representantes nas xuntas de centro.

Canto á mobilidade sustentable, púxose en marcha o grupo de traballo para a mellora da vida nos Campus, no que a USC presentou unha primeira proposta de mobilidade que potencie o uso da bicicleta conectando os Campus de Santiago. Así mesmo, está previsto que no mes de decembro se instalen en

Santiago e Lugo estacións de recarga de vehículos eléctricos, dirixidos aos membros da comunidade universitaria.

O Plan inclúe tamén as accións previstas en Espazo USC das que se dá conta máis adiante.

Por último, a colaboración institucional coa Secretaría Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, permitiu poñer en marcha o Plan Corresponsables, unha iniciativa estatal orientada a favorecer a conciliación das familias desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes.

Plan de axudas ao alumnado, dotado con 150.000 € e que prevía manter as liñas de axudas de manutención e préstamo de material informático por unha banda, e por outra, a actividade da Unidade de Atención Psicolóxica. O esgotamento do crédito previsto indica que é necesario o reforzo desta actuación para o vindeiro ano.

Plan para o PDI dotado con 950.000 €, e que se desenvolveu segundo o previsto no Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022, executando o 83% do orzamento no momento de redacción destas liñas, polo que se achegará ao 100% no exercicio, posto que se están producindo incorporacións derivadas dos procesos convocados.

Plan para o PAS, dotado con 750.000 €. O nivel de execución non esgotou o crédito previsto ao non completarse as reformas previstas en xestión académica e económica polo cambio de estrutura derivado das eleccións a reitor a ao Claustro. Avanzouse na execución da promoción interna e nos procesos de estabilización que xa estaban iniciados, e a máxima prioridade é a convocatoria das prazas afectadas pola estabilización extraordinaria derivada da Lei 20/2021, do 29 de decembro. Ademais, está en trámite a negociación dunha carreira horizontal extraordinaria, que permita o recoñecemento da progresión profesional do persoal sen que se vincule a un cambio de posto, como ocorre cos procesos de provisión.

As modificacións da Relación de Postos de Traballo aprobadas durante o 2022, as promocións internas executadas e os procesos de provisión dos novos postos

de coordinador de agrupación, supuxeron arredor de 500.000 € en termos consolidados anuais e incluíron a posta en marcha da Área de Planificación e Innovación Administrativa, do Centro de Datos e Procesos e do Centro de Formación de Persoal, tres estruturas que serán fundamentais para as reformas organizativas futuras. Porén, non foi posible executar os compromisos existentes polo que esta circunstancia se terá en conta para o 2023.

Actuacións en materia de persoal investigador e de apoio á I+D, dotadas con 700.000 €. Continuouse coa normalización da situación deste persoal, executando as previsións derivadas da Lei 20/2021, do 29 de decembro, mediante a conversión dos contratos temporais en interinos por vacante da oferta de estabilización extraordinaria.

Completouse a equiparación das categorías e retribucións prevista no Acordo de clasificación profesional e retribucións do persoal investigador e de apoio á investigación e o recoñecemento da antigüidade a todo o persoal de investigación.

Nesta actuación tamén se incluíu o incremento das retribucións dos contratos predoutorais de convocatorias anteriores á entrada en vigor do Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación e que non é asumido polo Ministerio.

Por outra banda, o Centro de Formación de Persoal puxo en marcha accións formativas dirixidas ou abertas a este persoal, avanzando así na súa normalización como parte do capital humano da USC.

2. A investigación

As principais actuacións contempladas nesta liñas foron as seguintes:

Programa de xestión de ingresos por custos indirectos, dotado inicialmente con 400.000 € pero que se aumentou ata o 25% segundo as previsións do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, ascendendo a 450.000 €, que neste momento teñen xa un grao de execución do 86%.

Estratexia de consolidación da carreira investigadora, nesta actuación dotada con 1.100.000 €, inclúense os contratos de persoal investigador distinguido e persoal investigador predoutoral financiados ao abeiro do convenio co Banco Santander. Así mesmo, co financiamento do Campus de especialización Terra, convocáronse 10 prazas de persoal investigador predoutoral e posdoutoral por unha banda e, por outra, fomentouse a iniciación á actividade investigadora do alumnado mediante a convocatoria de 14 bolsas de colaboración. O anterior, complementouse con axudas a estadias de curta duración, cun total de 28 beneficiarios.

Continuaron as accións de captación de persoal a través de convocatorias competitivas estatais, como as axudas Beatriz Galindo e as axudas Ramón y Cajal.

Tanto en Lugo como en Santiago convocáronse axudas a estadias de investigación para facilitar o acceso a elas do persoal investigador con menos recursos dispoñibles para realizar este tipo de desprazamentos.

Adquisición e mellora de infraestruturas de investigación, na que se preveu un orzamento de 5.000.000 €, tendo en conta os recursos captados na convocatoria de infraestruturas científicas da Axencia Estatal de Investigación, e o financiamento do Convenio de accións xerais de I+D+i coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, negociado pola Vicerreitoría de Política Científica.

Ao abeiro deste último, realizouse un investimento de 750.000 € que se destinou á elaboración dos proxectos de reforma de diversos espazos de investigación, a ampliación do Laboratorio de Radiofísica e melloras nos centros singulares de investigación. Así mesmo, o Convenio prevía financiamento destinado a renovación de equipamento científico.

O gasto autorizado total é 5,8 millóns en total, ao captarse máis financiamento do previsto inicialmente.

Campus de especialización Terra, cunha dotación para o 2022 de 900.000 €. As actuacións neste ámbito divídense en cinco dimensións: a gobernanza do

Campus de especialización, a docencia e comunicación, a investigación, a transferencia e a información pública e transparencia.

Neste ano foi preciso constituír o sistema de gobernanza e poñer en marcha as actuacións de contratación de persoal investigador que reforce a masa crítica do Campus Terra e desenvolva nos próximos anos as liñas de investigación contempladas nel.

A execución achégase ao 100% do orzamento previsto.

3. A mellora da calidade da docencia

Dentro desta liña, cun orzamento de 170.000 € leváronse a cabo, de xeito resumido, o seguinte conxunto de accións:

- Accións de mellora das titulacións oficiais de mestrado: elaboración de vídeos promocionais, campaña de mercadotecnia internacional dos mestrados oficiais, adquisición de material para a docencia dos mestrados, conferencias, elaboración de estudos de seguimento de egresados etc.
- Accións de mellora das competencias transversais nos estudos de doutoramento: actividades formativas, conferencias, seminarios etc. organizadas dende a EDIUS.
- Accións de innovación educativa: *I Convocatoria para o recoñecemento da innovación docente nos centros da USC*, xa resolta.

Todas as actuacións se atopan, neste momento, preto do 100% de execución.

Liñas instrumentais

4. Os medios necesarios

Nesta liña, proxectáronse as seguintes actuacións:

Proxecto de Cidade da Saúde, cunha dotación inicial de 680.000 €, que se executou ao 100% e que incluíu o concurso de ideas para a redacción do

proxecto do novo edificio de Ciencias da Saúde, a redacción do proxecto de reforma do edificio de San Francisco da Facultade de Medicina e Odontoloxía e a reforma da área de prácticas clínicas do edificio de Odontoloxía.

Espazo USC, que contaba cunha dotación de 1.000.000 €, que tamén se executou na súa totalidade. No marco desta actuación reformáronse as Unidades de Xestión de Centro e Departamentos da facultades de Ciencias da Educación, Dereito, Filoloxía, e Xeografía e Historia e tamén se desenvolveron actuacións previas para a reforma do Auditorio Universitario. Así mesmo, completouse a reforma da área de goberno no edificio Intercentros do Campus de Lugo, e iniciouse a reforma da área administrativa e de servizos no mesmo edificio, que se completará a principios de 2023.

En relación coa difusión dos espazos da USC, estanse elaborando materiais visuais sobre a evolución do patrimonio da USC, que permitan a súa utilización en eventos nos que a institución precise potenciar a súa imaxe.

Plan de mellora da calidade de vida dos campus, dotado con 830.000 €, que se esgotaron na súa totalidade. As accións contempladas incidían en mellorar a calidade de vida nos campus, medida que afecta tanto á comunidade universitaria como á cidadanía que fai uso deles. A metade do orzamento destinouse a melloras en beirarrúas, vías e equipamento dos Campus, para a súa humanización, e o resto destinouse a realizar melloras nas instalacións da piscina universitaria e na reforma do colexio maior San Clemente, cuxa reforma interior se completará en 2023.

Plan director de enerxía e sustentabilidade, cunha dotación de 12.000 € para a súa redacción. As circunstancias derivadas da renovación do equipo de goberno retrasaron a súa redacción e o incremento dos prezos da enerxía derivou na aprobación do Plan de Estratexia Enerxética, que contempla accións máis específicas neste eido.

O orzamento previsto para esta actuación destinouse, así, a atender a preparación das licitacións de proxectos de enerxía fotovoltaica, co obxecto de

executar a subvención concedida polo INEGA, e cun importe total que ascendeu a 16.000 €.

Imaxe e reforzo da comunicación da USC, dotado con 100.000 €. Nesta liña prevíanse actuacións de renovación da sinalética interior e exterior e a continuación da implantación da nova web, diferenciando a intranet e a extranet.

A renovación da sinalética debe ir acompañada coa reforma de espazos, polo que o nivel de execución non acadou o 100%, ascendendo a 67.000 €.

Descentralización a centros e departamentos, cun total de 3.371.000 €, e que contribuíron en moitos casos ao cofinanciamento de actuacións centralizadas que, no último trimestre de 2022, se orientaron a medidas de eficiencia e aforro. Nesta liña continuarase no 2023, para dar cumprimento ao previsto no Plan de Estratexia Enerxética.

Medidas de posicionamento, atracción e proxección internacional, dotadas con 150.000 €, orzamento que se executou na súa totalidade. As medidas desenvolvéronse en tres ámbitos fundamentais de actuación:

- Posicionamento, atracción e proxección internacional
- Mellora da xestión dos procesos de captación e mobilidade
- Cooperación internacional

Durante o ano 2022 a USC mantivo a súa aposta pola implementación de estratexias e ferramentas novidosas para o posicionamento, a atracción e a proxección internacional da institución. Se ben os resultados da implementación deste tipo de software xa foron evidentes na matrícula anticipada para estudantes de fóra do EEES en titulacións de mestrado no curso 2022-2023 (nomeadamente na captación de estudantado de América Latina), cómpre continuar traballando con estas ferramentas nos próximos anos, dado que os beneficios da súa implementación son especialmente perceptibles a medio/longo prazo.

No relativo á mellora dos procesos de captación e mobilidade, o primeiro paso para esta modernización foi a avaliación das necesidades e a valoración das alternativas existentes no mercado. A primeira fase da implementación desta ferramenta (licenza anual do software, proxecto de execución, procesamento de datos e formación do persoal) completárase ao longo de 2023. Unha vez completada esta primeira fase, serán necesarias actuacións de mantemento e actualización que se levarían a cabo nos dous seguintes exercicios.

Polo que respecta á cooperación internacional, mantívose a colaboración coa Fundación Carolina para estudantes de mestrado e doutoramento procedentes de América Latina e reforzáronse outras iniciativas de cooperación, incrementando o número de beneficiarios e, de xeito moi significativo, do programa de axudas a persoas refuxiadas que pasou de dúas axudas a un total de dez.

5. A transformación dixital

Nesta liña prevíase, como principal actuación, o desenvolvemento do plan UNIDIGITAL, financiado polo Ministerio de Universidades. Mellorouse a dotación de 110 aulas e procedeuse á renovación de 700 equipos informáticos que tiñan unha antigüidade igual ou superior a 8 anos. Púxose en marcha, de xeito complementario ao anterior, un sistema automatizado de instalación e configuración de equipos e un sistema de auto servizo de aplicacións informáticas. Tamén se renovaron as licenzas multicampus de software dos programas máis empregados pola comunidade universitaria, priorizando no ámbito docente os programas cun maior número de alumnado.

O anterior implicou tamén o reforzo da rede sen fíos que permita a utilización das ferramentas informáticas con máis velocidade e estabilidade, instalando 75 puntos novos de última xeración.

UNIDIGITAL conta cun financiamento total de 1,6 millóns a executar antes do 31 de decembro de 2023. A finais de 2022 o grao de execución acadará os 800.000 €.

IO ESCENARIO ECONÓMICO

No relativo ao escenario económico nacional e internacional, como xa se comentou, a reactivación da demanda despois das restricións derivadas da pandemia polo coronavirus SARS-CoV-2 fixo que se producisen crises de subministracións que elevaron os prezos e, polo tanto, a inflación. Os orzamentos da Universidade para o ano 2022 xa recollían este incremento da inflación nos prezos, situando o IPC en 9.8% no mes de marzo de 2022. Esta tendencia alcista continuou e o IPC acadou un máximo de crecemento do 10,5% no mes de xullo, situándose a suba dos prezos no 9% de media no que vai de ano.

O que se consideraba algo puntual, viuse agravado pola crise internacional que estalou en Ucraína. O incremento dos prezos da enerxía e a alta incerteza aumentaron a inflación de forma sostida, o que produciu, á súa vez, un incremento dos tipos de xuro como resposta das políticas monetarias, nomeadamente a da Unión Europea e a estadounidense.

Estamos, polo tanto e novamente, perante un escenario económico complexo e volátil, no que as previsións de crecemento económico se esvaeron completamente, e os principais organismos públicos e privados prevén unha desaceleración da actividade na segunda metade do ano 2022 e no principio do ano 2023.

O proxecto de orzamentos de Galicia para o ano 2023 prevé un escenario macroeconómico no que se producirá unha ralentización da economía galega nos próximos meses, con taxas de crecemento do PIB do 3,6% en 2022 e do 1,7% en 2023.

O escenario macroeconómico completo é o seguinte:

	2021	2022	2023
Gasto en consumo final	3,7	0,0	0,8
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	4,2	0,8	0,4
- Gasto en consumo final das AAPP	2,7	-2,0	1,7
Formación bruta de capital	1,1	1,0	4,1
Demanda interna¹	3,3	0,1	1,3
Exportación de bens e servizos	9,9	5,3	2,1
Importación de bens e servizos	6,5	-0,9	1,6
Saldo exterior¹	1,9	3,5	0,3
Produto interior bruto (PIB)	5,2	3,6	1,7
Produto interior bruto nominal	7,7	8,0	5,0
Deflactor do PIB	2,4	4,2	3,3
Emprego. PTETC	7,2	1,9	0,5
Ocupados. EPA	1,0	1,6	0,7
Taxa de paro²	11,7	10,8	10,0

¹ Achega ao crecemento do PIB en puntos porcentuais

² % de poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 30 setembro 2022

Esta información determina a evolución dos distintos subfondos que compoñen o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 para o 2023, que están suxeitos a actualización segundo os seguintes criterios:

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO	1. CUSTE ESTÁNDAR	<i>Masa salarial</i>
	2. SERGAS, INEF persoal	<i>Masa salarial</i>
	3. INEF funcionamento	<i>Deflactor PIB</i>
	4. SUBFONDO GASTO FUNCIONAMENTO (Gasto corrente e gasto de capital)	<i>Deflactor PIB</i>
	5. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS (estatais e autonómicos) E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	<i>Complementos vixentes</i>
	6. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	<i>Constante agás ACSUG (masa salarial)</i>
	7. PANEL DE INDICADORES	<i>PIB real</i>
	8. SUBFONDO DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA	<i>5% de 1 e 4</i>
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	9. FOMENTO I+D+i e a TRANSFERENCIA	<i>Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB</i>
	10. Fondos Europeos	<i>PO FEDER/FSE</i>

En relación coa evolución da masa salarial, que afecta ao subfondo de custo estándar, os sindicatos e o Goberno estatal acadaron un recente acordo na Mesa

de Negociación de Función Pública cun escenario que afecta xa ao 2022 e chega ao 2024. En concreto o incremento salarial fixo durante o período 2022-2024 será do 8%, podendo chegar ata un máximo dun 9,5%, en función de variables contempladas na cláusulas de revisión, vencelladas á evolución do IPC e do PIB nominal.

Así, o Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "*Plan + seguridad para tu energía (+SE)*", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca, habilitou unha subida adicional do 1,5 % para o ano 2022 con efectos desde o 1 de xaneiro de 2022.

En Galicia, esta medida aplícase a través da Lei 4/2022, aprobada no Parlamento o 22 de novembro, e que suporá un recálculo das contías ingresadas a través do Plan Galego de Financiamento Universitario. Porén, o fondo de custo estándar non cobre a suma das retribucións do persoal das tres universidades, senón que o seu fin é contribuír ao financiamento estrutural xeral das institucións. Por ese motivo, o incremento que se percibirá non abrangue o incremento real que supón a aplicación do 1,5% polo que é probable que se produza un desaxuste entre o orzamento de 2022 e a súa execución.

Así mesmo, para o ano 2023 o acordo en materia de retribucións para o sector público contempla unha subida fixa do 2,5% desde o 1 de xaneiro e a posibilidade de incrementar ata un 1% adicional en función de dúas variables: a primeira consiste en que se a suma do IPC harmonizado de 2022 e do IPC harmonizado adiantado de setembro de 2023 supera o 6%, os salarios públicos subirán un 0,5% de maneira adicional; a segunda variable contempla unha subida de 0,5 puntos adicionais se o PIB nominal iguala ou supera o estimado nos Orzamentos Xerais do Estado.

O financiamento procedente do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 para o ano 2023 aumenta un 2,9% no seu conxunto con respecto a 2022. A situación da USC mellora ao recibir un 3,39% máis de recursos con

respecto ao ano anterior. Destacan os subfondos de custo estándar e gasto corrente e mantemento de infraestruturas cuxa evolución é dun 5%.

Polo que se refire ao Pacto de Estabilidade e Crecemento, a Comisión Europea prorrogou para o ano 2023 a cláusula xeral de salvagarda, co obxecto de que as políticas fiscais dos estados membros poidan afrontar en mellor posición as disrupcións provocadas pola incerteza do escenario mundial e as previsións á baixa das perspectivas económicas. Porén, a Comisión está a valorar desactivala a partir de 2024 polo que é preciso proceder con prudencia orzamentaria para garantir a sustentabilidade a medio prazo.

Por último, neste apartado, cómpre dedicar unhas liñas aos Fondos Next Generation UE (NGUE) que se puxeron en marcha para a axudar a reparar os danos económicos e sociais causados pola pandemia de coronavirus e contribuír a unha Unión Europea máis verde, máis dixital, máis resistente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros.

O núcleo dos NGUE é, por un lado, o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), posto en marcha co obxectivo de paliar os efectos da crise da COVID-19 e, por outro, os fondos REACT-UE, instrumento de axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa que opera como os fondos estruturais, pero que pretende ter maior flexibilidade e axilidade na súa execución, promovendo fundamentalmente a recuperación ecolóxica, dixital e resiliente da economía.

O MRR ten o obxectivo específico de proporcionar axuda financeira para acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (PRTR). *Grosso modo*, o plan contempla catro eixes transversais (a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión territorial e social, e a igualdade de xénero) que deben ser tidos en conta á hora de deseñar o conxunto das políticas estatais.

O mecanismo de asignación do PRTR funciona a diferentes niveis:

- A través de Conferencias Sectoriais, onde se determina o reparto de determinadas contías e o gasto elixible en función dos obxectivos.

- Os Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTEs), que mediante a colaboración entre administracións, empresas e centros de investigación pretender ter un potencial efecto de arrastre para a economía.

- As convocatorias e licitacións que Ministerios e Comunidades Autónomas desenvolvan para executar os fondos que teñen asignados.

Actualmente, o goberno de España está preparando unha addenda ao Plan de Recuperación, que se presentará á Comisión Europea, co obxecto de dar continuidade ás reformas e investimentos do PRTR, en liña cos obxectivos estratéxicos e poñendo o foco na autonomía dos PERTEs. Así mesmo, esta addenda contemplará a distribución dos fondos do Plan REPowerEU, presentado pola Comisión Europea recentemente e que ten como obxectivos aforrar enerxía, producir enerxía limpa, e diversificar as subministracións de enerxía dos Estados membros.

O Goberno de España anunciou que, debido ao contexto xeopolítico actual, os investimentos destinaranse a reforzar os PERTE en marcha e concentrar os investimentos no reforzo da autonomía estratéxica de España e Europa canto á seguridade enerxética, agro alimentaria, tecnolóxica e dixital.

Na liña do anterior, os orzamentos da Xunta de Galicia para o 2023 prevén un incremento dos fondos europeos do 4,5%, procedentes de Next Generation UE e da anualidade correspondente ao Marco Financeiro dos períodos 14-20 e 21-27. Canto ao MMR, os orzamentos da Xunta prevén un incremento global do 3,8% con respecto ao 2022.

Porén, a xestión do Plan nacional non está acadando o grao de execución previsto e a súa descentralización non está sendo efectiva. No caso das Universidades, moitas das convocatorias que se están publicando non prevén a súa inclusión como beneficiarios potenciais. Cómpre neste eido, buscar sinerxías con outras entidades e promover a inclusión das universidades dentro dos diferentes instrumentos de execución.

Así mesmo, tendo en conta o desafío de afrontar a factura enerxética e a necesidade de actuar a medio e curto prazo, cabe esperar que estes fondos extraordinarios cheguen ás universidades para que permitan afrontar con recursos adicionais unha transición enerxética máis necesaria ca nunca.

Ao marxe desta posibilidade, reclamárase, na comisión de seguimento do PGFU 2022-2026, unha achega extraordinaria para asumir tanto o incremento no gasto ordinario derivado da elevación do prezo da enerxía así como o custo das reformas precisas nos edificios e demais infraestruturas da USC para acadar unha maior eficiencia enerxética.

LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

O Pleno do Congreso dos Deputados, na súa sesión do 22 de setembro de 2022, debateu a comunicación do acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo de 2022, polo que se solicita do Congreso dos Deputados a apreciación de que España está sufrindo as consecuencias do estalido da guerra en Europa e dunha crise enerxética sen precedentes, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, aos efectos previstos no artigo 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, téndose procedido a dita apreciación por maioría absoluta.

Nesa mesma liña, a Comisión Europea comunicou o 23 de maio de 2022 a súa decisión de estender por un ano mais, ata finais de 2023, a suspensión das regras de disciplina orzamentaria, a raíz do forte impacto económico da guerra de Ucraína.

Por todo o anterior, non resultan de aplicación as medidas correctivas e coercitivas que se establecen na citada LO 2/2012, do 27 de abril. Non obstante, nas presentes liñas xerais dos orzamentos e por un criterio de prudencia, recóllense os criterios a ter en conta na aplicación da regra de gasto e ademais, atendendo ao artigo 30 desa última norma é preciso determinar o límite de gasto de gasto non financeiro de acordo a criterios orzamentarios e non de contabilidade nacional, que segundo indicación ministerial debe considerarse aplicable e non suspendido.

Para establecer o límite de gasto debemos ter en conta a subida retributiva adicional do 1,5% recollida no Real decreto lei 18/2022, de 18 de outubro, así coma o incremento retributivo previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2023.

Do mesmo xeito, é preciso considerar a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo que, de acordo co publicado no Boletín Oficial do Congreso dos Deputados de 25/02/2020, para o ano 2023 quedou establecida no 3,3 %.

De acordo co anterior, o teito de gasto estableceríase de acordo cos seguintes datos:

Concepto	Importe
Gasto computable (non afectado) orzamento inicial 2022	210.974.145
Subida retributiva adicional 2022 (1,5%)	2.445.375
Subida retributiva 2023 (2,5%)	4.136.759
Subida retributiva adicional 2023. Condicionada a IPC (0,5%)	827.352
Subida retributiva adicional 2023. Condicionada a PIB nominal (0,5%)	827.352
Base para cálculo 2023	219.210.983
Taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo (3,3%)	7.233.962
TEITO DE GASTO NON FINANCIERO 2023	226.444.946

O teito de gasto non financeiro expresado nestas liñas non ten en conta a especial singularidade da USC, na medida en que unha parte substancial dos seus ingresos e gastos son afectados, o que se ten en conta nos criterios fixados pola AIReF. Tendo en conta os mesmos, a cifra máxima de gasto non financeiro é de 288.717.666 € neste momento.

LIÑAS ESTRATÉXICAS E INSTRUMENTAIS PARA O 2023

O lema das liñas xerais aprobadas no Claustro celebrado o 2 de decembro de 2022, e que mantemos nos orzamentos é “Conectando” e fai referencia á necesidade de ter unha estratexia integral, de actuar cunha **concepción integradora que conecte as partes co todo**.

As actuacións que se desenvolven nun ámbito teñen repercusións noutros e debemos telas presentes na toma de decisións. Por poñer un exemplo, a aprobación dun novo plan de estudos ten implicacións directas no persoal, porque se necesitan docentes para impartilo e persoal de apoio para a súa xestión; nas infraestruturas, porque se precisan espazos adecuados para o seu desenvolvemento; e, mesmo, na imaxe da institución que se posiciona a nivel nacional ou internacional en función das titulacións que imparte.

As bases para este cambio de paradigma están postas, e o contexto actual non pode servir de excusa porque xa se demostrou durante a pandemia pola COVID-19 que a Universidade de Santiago de Compostela ten capacidade de acción e de reacción.

Estamos nun momento no que o escenario financeiro, coas perturbacións que podan existir, ten un horizonte estable a medio prazo proporcionado polo Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, que marca uns eixos consensuados por todas as partes, e que ten uns obxectivos de mellora que esixen unha participación activa no seu desenvolvemento.

Imos, xa que logo, poñer en marcha unha concepción integral que proxecte a USC entre as universidades destacadas a nivel mundial.

Cómpre empezar definindo o que pretendemos como institución, estratexia que debe liderar a Programación Plurianual e calquera instrumento de planificación que se aprobe. E entre os obxectivos, podemos contemplar os seguintes:

- Unha USC máis sustentable, sostible e eficiente
- Unha USC con maior proxección social, con maior inserción no tecido social e mesmo na contorna urbana

- Unha USC que se proxecta no mundo, con seguridade, con orgullo e con moito potencial
- Unha USC que sexa un exemplo de boa administración, cun liderado no ámbito administrativo máis eficiente e eficaz, con vocación de servizo público
- Unha USC que forme persoas con valores, importante para o desenvolvemento da nosa sociedade, entre os que terán un papel destacado a igualdade, a saúde integral e a atención ás consecuencias do cambio climático

Con este cambio de concepto fórmulanse os seguintes criterios de actuación:

Actuar sobre os ingresos

Ata o de agora, pensabamos sempre que no lado dos ingresos a marxe de actuación era escasa e que pouco ou nada se podía facer nalgúns casos.

Porén, podemos mellorar os ingresos naqueles parámetros nos que podemos actuar:

- Adoptando medidas para a cobertura ao máximo do número de prazas que se ofertan, aplicando esta estratexia nos procedementos que rexen a captación. Nesta liña, insírese o recente acordo do Consello de Goberno para a incorporación de alumnado en titulacións de mestrado onde quedan prazas vacantes que aínda estea finalizando os seus estudos de grao. Cada alumno que perdemos supón unha media de 5.000 euros menos de ingresos.
- O Plan Galego de Financiamento Universitario ten, ademais do subfondo de custo estándar que se reparte en función dos créditos matriculados, dous subfondos máis nos que podemos actuar: o panel de indicadores, cuxa contía se determina a partir dunha batería de indicadores relacionados cos resultados da actividade investigadora, e o subfondo de Estabilidade Financeira, Eficiencia e Mellora Estratéxica. Toda a planificación e as accións a desenvolver deben aliñarse para garantir a máxima consecución de recursos.
- Os fondos Next Generation UE teñen un horizonte de execución previsto que se estende ata o ano 2027. Debemos incrementar a captación de fondos

relacionados cos seus instrumentos de execución, mellorando a estratexia, anticipándonos mediante a elaboración de proxectos aliñados cos obxectivos do Plan de Recuperación e incrementando deste xeito os ingresos dispoñibles. Un exemplo desta acción estratéxica é o desenvolvemento do Proxecto Nós, un proxecto que nace baixo iniciativa da USC, co apoio institucional da Xunta de Galicia e Amtega, permitiu que o galego accedese ao fondos do PERTE de Nova Economía das Linguas, para que tanto o galego como as linguas cooficiais se desenvolvan e se insiran dentro da nova intelixencia artificial.

Por último, a USC dispón de marxe de actuación para incrementar os ingresos que percibe a través das tarifas por prestación de servizos. Cómpre realizar estudos rigorosos do seu custo para que permitan compensar o gasto real que supón esta prestación de servizos para a institución.

Actuar sobre o gasto

Canto ao gasto, a Universidade ten unha estratexia máis definida tendo en conta o contexto actual e as liñas de intervención dos últimos catro anos. Cómpre incorporar a información integral para a toma de decisións, o gasto ten que estar avalado polos datos e, para iso, debemos acostumarnos a medir, a rexistrar e a avaliar as actuacións mediante indicadores comprensibles para todos.

En primeiro lugar debemos colocar as medidas de eficiencia enerxética: reducir o gasto corrente é unha das estratexias que podemos acometer para que os recursos dispoñibles se centren en políticas máis necesarias. Continuaremos, polo tanto, co desenvolvemento dos obxectivos do Plan de Infraestruturas e do Plan de Estratexia Enerxética, incrementando o esforzo na captación de recursos procedentes de axudas europeas.

Canto ao persoal, as accións que se formularán manteñen a estratexia de renovación do cadro de persoal, a estabilización do persoal no marco lexislativo actual, e a reorganización das estruturas administrativas e organizativas, facendo ademais fincapé na innovación e na formación do persoal, o maior capital do que dispón a institución.

Así mesmo, é moi importante a estratexia de racionalización dos entes instrumentais porque son unha oportunidade para a contención do gasto. O mellor exemplo é o encargo de limpeza á Fundación USC M.P., que está xerando un importante aforro no gasto corrente de preto de un millón de euros. Debemos seguir nesta liña e a iso contribuirán medidas como o recente encargo do servizo de reprografía á Fundación ou o a integración de Unixest, que permitirá a reformulación dos servizos que prestaba.

Os principios para a xestión

A risco de que soe redundante ou repetitivo, a Universidade no seu conxunto ten que integrar un enfoque orientado ao principio de boa administración, temos unha función social e temos que cumprir con esa misión aumentando a calidade dos nosos servizos e das actividades que desenvolvemos para a sociedade.

Así, a prudencia, o rigor, o control nas actuacións e a transparencia deben ser os principios reitores das nosas políticas, xa sexan dirixidas ás persoas ou aos recursos materiais.

Para que?

Non só temos que saber o que queremos como institución senón para que o facemos.

Estamos nun momento no que existen moitas actuacións en marcha, como as reformas organizativas e de xestión no ámbito académico e económico, o desenvolvemento de procedementos selectivos que permitirán reducir a temporalidade e consolidar persoal necesario para o cumprimento das funcións que temos encomendadas, ou a implantación dunha carreira horizontal para o persoal de administración e servizos que se basee na avaliación do rendemento, entre outras.

Executar todas as actuacións que se planifiquen e que xa están en marcha, servirá para proxectar a USC, que nos coñezan e coñecer, mellorar o noso posicionamento nacional e internacional, obter un recoñecemento cara a fóra

que permita adoptar unha posición de axente negociador na conformación das políticas que nos afecten e das que se derive a captación de recursos.

O anterior implica apostar pola internacionalización en todos os ámbitos e polas titulacións que nos fagan singulares, incluíndo unha nova estratexia sobre os títulos propios. Apostar por valores, construíndo persoas que coiden da igualdade, da cultura e da vida saudable fomentando o deporte. Apostar polo apoio aos membros da nosa comunidade universitaria en situación de vulnerabilidade, incrementando as liñas de axuda directa e mantendo os prezos nos servizos prestados ao alumnado, nomeadamente no Servizo Universitario de Residencias.

Implica tamén apostar por culminar a reordenación da administración instrumental. Empregar os medios que temos para unha xestión máis eficaz, máis eficiente, máis orientada ao mercado naqueles servizos que nos proxecten como a tenda universitaria e as publicacións, aplicando unha concepción global da produción de bens relacionados coa imaxe da USC.

Implica apostar pola innovación docente, mellorando a capacitación e a formación do persoal necesaria para a posta en marcha de mecanismos de aprendizaxe que permitan a captación de estudantado fóra do noso ámbito tradicional.

Implica apostar pola transformación dixital, poñendo o foco no resto de actuacións, integrándoa na mellora docente, na mellora de procedementos e na mellora da prestación de servizos.

E significa, tamén, apostar pola reorganización da investigación, unha das actividades principais da institución e con maior repercusión, rompendo cun esquema obsoleto que arrastramos, herdado da Lei de reforma universitaria e da Lei orgánica de Universidades, que crearon un entramado organizativo complexo, ineficiente e disperso.

Este reto consistirá en simplificar procedementos e estruturas, fortalecendo a xestión, aumentando a interacción con e entre o persoal investigador, promovendo a cooperación estratéxica entre grupos e unha nova organización

que atenda a singularidade dos centros interuniversitarios e impulsando, con decisión, a transferencia de coñecemento á sociedade, aspecto este recollido na reformada Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Con todo o anterior, cómpre agora detallar as liñas estratéxicas e instrumentais para o 2023.

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. As persoas
2. A docencia
3. A investigación

LIÑAS INSTRUMENTAIS

4. Os medios necesarios
5. A transformación dixital
6. A colaboración institucional

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. As persoas

1.1 O alumnado

A atención ás situacións vulnerables mantense para o 2023, tendo en conta que o aumento da inflación pola crise enerxética e polo contexto actual están tendo unha incidencia moi acusada nas economías familiares. Para o próximo ano, a atención ao alumnado en situación de vulnerabilidade contempla dúas actuacións principais e a súa dotación aumenta ata os 345.000 €:

- Axudas á manutención que permitirán chegar a dar máis de 52.000 menús nas cafeterías e comedores universitarios.
- A Unidade de Atención Psicolóxica, manterá a súa actividade, poñendo os recursos precisos para reducir, na medida do posible, o tempo de espera e incrementar a presencialidade das citas. Ademais, promoveranse tamén campañas de difusión deste servizo, así como de desestigmatización da saúde mental e da solicitude de axuda.

A Universidade dotará, así mesmo, a partida precisa nos orzamentos para garantir que a Oficina de Igualdade de Xénero poda levar a cabo as súas funcións e executar o Plan de Igualdade.

Por outra banda, o Plan de Proxección Social da USC, contén actuacións destinadas ao alumnado na aposta por achegarlle a programación cultural e deportiva, e tamén á comunidade universitaria e a cidadanía.

Pola súa transversalidade, tratarase o Plan nun apartado específico, pero apúntanse a continuación as claves das actuacións que a Vicerreitoría de Cultura e Estudantes destinará ao alumnado:

- Favorecer a autonomía na creación e difusión artística por e para a comunidade universitaria.
- Impulsar os espazos de produción artística da universidade como piares da nosa oferta cultural, tanto desde o punto de vista da formación como da creación e programación cultural.
- Converter a universidade nun espazo de referencia para a difusión artística en diferentes disciplinas, con énfase na arte emerxente.
- Aproveitar os proxectos culturais impulsados desde a Vicerreitoría para completar a formación integral dos estudantes a través de proxectos artístico-pedagóxicos nos centros.
- Achegar ao estudantado os servizos da USC que contribúen á súa formación integral artística, deportiva, laboral e social.

O Plan de Proxección Social contempla, así mesmo, unha dotación de 8.000 € para os gastos ordinarios do Consello do Estudantado.

1.2 O persoal

Unha das accións máis importantes no relativo ao persoal coa posta en marcha do Centro de Formación de Persoal é a elaboración e aprobación dun Plan de formación integral. Terá carácter semestral e integrará de maneira conxunta a formación de todo o persoal, incluíndo o persoal investigador e de apoio á investigación, o que implica aumentar e diversificar as actividades formativas para que respondan aos obxectivos da institución, nomeadamente a innovación

docente dirixida a novas modalidades de ensinanza e á mellora da xestión. Como aspectos novidosos, destacan os seguintes:

- A introdución, de xeito experimental, da aprendizaxe baseada en competencias coa perspectiva de desenvolver a medio prazo un esquema de acreditación de competencias regulamentado e integral.

- A especial atención ao persoal de nova incorporación co obxectivo de dotalo dos coñecementos básicos sobre a actividade universitaria e de sementar e reforzar unha cultura organizativa moderna.

- A posta de marcha de novas tipoloxías de actividades formativas de aprendizaxe experiencial e de aprendizaxe social.

- A redución das tarifas do Centro de Linguas Modernas para o estudiantado e o persoal investigador en formación, fomentando o coñecemento de idiomas coa vista posta na internacionalización tanto do estudiantado como das e dos investigadores nas súas etapas iniciais.

Outro dos obxectivos comúns a todo o persoal é completar o proceso de estabilización derivado da aplicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. As convocatorias que deriven da execución da oferta de emprego público do ano 2022 estarán publicadas antes do 31 de decembro de 2022, polo que a súa execución realizarase no exercicio 2023.

Así mesmo, tamén cómpre abordar a revisión da acción social que se executa anualmente. Se ben, a dotación desta partida non pode aumentar por imperativo legal, estando fixada actualmente en 576.430 €, si que é posible unha redefinición das accións que se inclúen nela. Esta partida contempla, entre outros, o custo da matrícula subvencionada na Escola Infantil Breogán e o custo do intercambio do persoal de administración e servizos, un programa que permite que este persoal se aloxe gratuitamente en residencias universitarias das universidades que forman parte desta rede, nos períodos de Nadal, Semana Santa e durante o período estival.

Ante a demanda do persoal de facer achegas ao plan de pensións, a USC fará todos os esforzos necesarios para recuperar as achegas ao plan de pensións nas condicións anteriores a 2010.

Procede agora unha análise das actuacións diferenciadas por colectivos, das que destacan as seguintes:

As actuacións en materia de profesorado previstas para o exercicio de 2023 enmárcanse no Plan Plurianual de Profesorado 2023-2026, instrumento que orientará as políticas de profesorado que a Universidade deberá despregar no próximo cuadrenio e que proximamente será sometido a discusión e aprobación dos órganos de goberno da Universidade.

En materia de incorporación de novo profesorado, en 2023 manterase a aposta pola contratación de profesorado axudante doutor, e máis excepcionalmente de profesorado permanente. É un feito notorio que a USC, como en maior ou en menor medida o conxunto das universidades españolas, e tamén boa parte das do resto de Europa, está inmersa nun proceso de relevo xeracional que se irá intensificando conforme avance a década. Neste contexto, resulta imprescindible abordar de xeito gradual e planificado a incorporación de novo profesorado aos cadros docentes da Universidade. En todo caso, para garantir unha transición ordenada, as actuacións en materia de captación de profesorado orientaranse non só ao obxectivo a curto prazo de dotar as áreas de coñecemento do profesorado necesario para asumiren o encargo do curso inmediatamente seguinte, senón tamén ao de incidir naquelas áreas máis avellentadas, que no medio prazo están abocadas, ás veces de xeito abrupto, a perderen unha boa parte dos seus efectivos.

Canto ás políticas de estabilización, apostarase por acelerar os procesos de consolidación do profesorado temporal, particularmente do profesorado axudante doutor, con especial incidencia no que conte con acreditación para a figura de profesorado titular. Por outra banda, no caso do persoal investigador, manteranse as políticas de estabilización implementadas nos últimos anos, adiantando os procesos naqueles casos en que existan necesidades estruturais

nas áreas correspondentes. Finalmente, no exercicio de 2023 abordarase a consolidación do profesorado interino que ocupa prazas estruturais.

Polo que se refire á promoción do profesorado acreditado para corpos docentes, a eliminación das bolsas de acreditados á categoría de titular de universidade posibilitará que no exercicio de 2023 se ofrezca a posibilidade de promocionar a todo o profesorado acreditado para este corpo ao longo de 2022; no caso do profesorado acreditado a cátedra culminarase no exercicio a eliminación da bolsa existente, considerablemente reducida xa despois da actuación de 2022.

Estas actuacións terán unha dotación extraordinaria de 950.000 €.

No relativo ao Persoal de administración e servizos, prevense as seguintes actuacións a destacar, dotadas con 950.000 €, e que estaban previstas dentro da proposta de Plan de PAS 2019-2022:

- A implantación dunha carreira horizontal extraordinaria, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023, e o deseño dunha carreira profesional baseada na avaliación do rendemento que permita o recoñecemento do esforzo do persoal.
- O deseño das reorganizacións pendentes nas áreas económica e académica, esta última en estreita coordinación co proceso de implantación de *Sigma académica*, que permitirá a revisión dos procedementos e a descentralización da xestión para devolver a vida académica aos centros.
- A análise da organización, funcións e cargas de traballo nas agrupacións de apoio á docencia e á investigación, unha vez que remate o concurso de provisión dos postos de coordinador/a de agrupación.
- A revisión do acordo de flexibilidade horaria para avanzar na súa aplicación logo da implantación durante catro anos.
- A execución das convocatorias de promoción interna e dos procesos de provisión pendentes, isto último abordando unha revisión dos baremos de méritos e a implantación dunha ferramenta tecnolóxica que permita optimizar o

procedemento e mellorar en axilidade e transparencia nos procesos de concurso.

- A reforma do cadro de persoal técnico á investigación e á docencia con destino en centros e departamentos.

Tendo en conta, como xa se recoñeceu tamén en anos anteriores, que o nivel de execución das partidas orzamentarias do Plan para o PAS non esgotou tampouco este ano os créditos consignados no orzamento, ao non completarse as reformas e actuacións programadas, é necesaria a dotación con cargo ao orzamento de 2023 dun fondo adicional que servirá para recuperar o ritmo necesario na implementación das actuacións programadas no Plan para o PAS 2019-2022, comprometidas coa representación do persoal e que se negociará coa mesma.

Durante o primeiro trimestre de 2023 elaborárase un novo Plan para o Pas 2023-2026, no que se ordenarán as actuacións a desenvolver nese período, continuando coa obriga permanente de revisión da RPT das distintas áreas, de cara a mellorar a prestación dos servizos e as condicións de traballo do persoal. Este novo marco plurianual tamén continuará desenvolvendo e ampliando os dereitos de promoción do persoal, mediante a inclusión dunha oferta programada de promoción interna independente.

Igualmente, antes do final de 2023 procederáse á primeira prórroga anual do acordo de xubilación parcial do PAS laboral que remata neste ano o seu prazo inicial de vixencia, pero que pode ser prorrogado anualmente ata o 2027. Nesa mesma liña, de favorecer a renovación do persoal, adecuaranse á normativa actual da seguridade social os incentivos á xubilación anticipada, fixados no convenio colectivo de 2008.

Canto ao persoal investigador e de apoio á investigación, as principais actuacións continuarán a liña de estabilización e consolidación iniciada, integrándoos plenamente na organización, na formación e nos demais dereitos e deberes que lles corresponden como empregados públicos.

Así mesmo, manterase a convocatoria de axudas para a asistencia a congresos e reunións científicas dirixida especialmente a aqueles grupos de investigación onde existan dificultades para financiar este tipo de desprazamentos. A dotación da mesma ascenderá aos 25.000 euros. Esta cantidade poderá ser revisada á alza unha vez avaliado o funcionamento da convocatoria lanzada no 2022.

Así mesmo, para avanzar nesa liña de normalización contéplase a negociación dun instrumento xurídico propio á vista dos cambios operados pola reforma da Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, no que se procederá, entre outras, á revisión das categorías profesionais nas que está contratado este persoal.

A dotación para esta última actuación será de 700.000 €, na que se inclúe o custo da harmonización retributiva derivada da actualización do IV Convenio Colectivo Único do Estado, instrumento de referencia para o persoal investigador en formación predoutoral.

1.3 A comunidade universitaria e a cidadanía

O Plan de Proxección Social, dotado con 2.000.000 € para o ano 2023, contará cunha comisión para o seu desenvolvemento, entendendo que debe ser un instrumento vivo que poda adaptarse a cambios e novas oportunidades que xurdan. Polo momento, prevé as seguintes actuacións:

Proxectar a imaxe da USC
Poñer en valor o potencial transformador do coñecemento producido na USC
Construír unha USC plural e diversa que garanta a igualdade de oportunidades
Potenciar a participación e o desenvolvemento integral do estudantado
Traballar por unha mobilidade sustentable real nos campus da USC
Difundir o proxecto cultural da USC
Valorizar o patrimonio da USC
Impulsar a cultura deportiva da USC
Impulsar a cooperación social

A proxección social da Universidade é un factor de especial relevancia. Nel debemos integrar os conceptos relacionados coa responsabilidade social que ten unha institución educativa, encargada de formar persoas que contribúan á

mellora da calidade da vida da xente, con valores para crear un mundo máis sostible e unha sociedade máis xusta, respectuosa e inclusiva.

Pero tamén temos que integrar a potenciación da nosa imaxe, da marca USC, e da proxección que esta ten, en todas as actividades que levemos a cabo. Por unha, debemos actuar na contorna máis próxima, colaborando coas institucións e programando actividades para a comunidade universitaria e para a cidadanía. Por outra, debemos proxectarnos cara a fóra, a nivel nacional e internacional, mellorando as nosas estratexias de difusión e captación de alumnado a través dunha oferta formativa para todas as etapas ao longo da vida, mellorando a posición institucional mediante as sinerxías creadas na docencia e na investigación mediante a colaboración con institucións, empresas, universidades e axentes de I+D+i, en definitiva, *creando lobby*.

A reestruturación dos nosos entes instrumentais é unha oportunidade para crear unha imaxe de marca mellor organizada. Nesta liña, proxéctase unha reformulación dos servizos de publicacións, reprografía e venda de produtos publicitarios para a nosa promoción. Neste último ámbito, cómpre una nova estratexia, cun deseño máis actual e con presenza en localizacións cun alto impacto, como o Pazo de Montenegro no Campus de Lugo, ou o Colexio de Fonseca en Santiago de Compostela.

En Lugo, poñerase en marcha a Unitenda, nun conxunto integrado coa Domus Mitreo na Casa do Saber, o que garantirá a afluencia de persoas que coñezan e difundan a marca USC, respectando o seu uso institucional. En Santiago de Compostela, no colexio de Fonseca, integrarase na Capela o espazo cultural co espazo da Unitenda, nunha localización única polo volume de persoas que recibe anualmente.

Proxectarnos na contorna pasa tamén por colaborar coas institucións e o tecido social. A iniciativa da constitución dun grupo de traballo para a mellora da calidade de vida nos campus de Santiago, na que están representadas as principais institucións e as asociacións veciñais, tivo unha excelente acollida. Preténdese canalizar, a través dela, as propostas que impliquen as colaboracións de diferentes institucións, cunha visión integradora tanto dos

recursos a empregar para a súa execución, como do seu impacto na vida diaria das persoas que conforman a contorna, entre as que está a comunidade universitaria.

A imaxe de marca implica tamén o coidado da sinalética e dos símbolos cos que somos identificados, que se irán renovando de xeito acompañado á remodelación dos espazos.

As actuacións concretas neste eido para o 2023 detállanse na liña instrumental 4. Os medios necesarios, e máis concretamente, nos apartados 4.3 Espazos USC e 4.4. Mobilidade sustentable.

A actividade cultural da USC é un dos elementos que debe servir para conectar o alumnado, a comunidade universitaria e a cidadanía. En Lugo, ademais do programa Lugo Cultural que xa vén desenvolvéndose co Concello de Lugo nos últimos anos, poñerase en marcha un ciclo de actividades, *Impluvium*, que incluírá actividades e exposicións na Casa do Saber. Tanto en Lugo como en Santiago de Compostela, programaranse actividades que favorezan a divulgación e a transferencia do coñecemento.

Seguindo coa concepción integradora e de responsabilidade social, cómpre ter en conta as actuacións previstas para o impulso da vida saudable a través do deporte, dirixidas á comunidade universitaria principalmente pero que tamén teñen impacto na cidadanía da contorna onde se insire a Universidade.

Para o ano 2023, os principais obxectivos son os seguintes:

- Aumentar a proxección social da USC a través do deporte.
- Impulsar, desde o ámbito do deporte, as relacións institucionais da USC con outras administracións públicas, organizacións deportivas, tecido empresarial, etc.
- Fidelizar ás persoas usuarias dos servizos e actividades ofertadas pola Área Deportiva, incidindo na calidade destas e na atención ás persoas usuarias.

- Diseñar e implantar novas actividades físico-deportivas para dar resposta ás necesidades e intereses da comunidade universitaria e, dese xeito, aumentar os niveis de práctica físico-deportiva da comunidade universitaria.
- Impulsar a práctica físico-deportiva entre as mulleres da comunidade universitaria.
- Mellorar a comunicación e visibilidade da carta de servizos e actividades da Área Deportiva entre a comunidade universitaria e a cidadanía en xeral.
- Achegar a práctica físico-deportiva aos centros (espazos e comunidade universitaria).
- Mellorar as infraestruturas deportivas existentes, dentro da programación da Área de Infraestruturas e deseñar novos espazos para a práctica físico-deportiva.

Por último, a integración na contorna da Universidade e as súas actividades, implica tamén abrir os servizos á cidadanía. Nesta liña, a colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude, permitirá a oferta de prazas da Escola Infantil Breogán, reservando unha porcentaxe para a comunidade universitaria, poñendo en valor deste xeito un recurso situado nunha localización privilexiada. Esta actuación descríbese na liña instrumental 6. Colaboración institucional.

Na liña da normativa vixente e do espírito de traballo da USC para os vindeiros anos, e de acordo cos obxectivos que como sociedade habemos de ter, o equipo de goberno da Universidade velará pola plena inclusión da comunidade universitaria con necesidades especiais, a través de dous eixes fundamentais: a intervención nos espazos e a intervención nas persoas. O primeiro deles centrarase neste exercicio económico na elaboración dun informe completo e actualizado sobre todos aqueles espazos titularidade da Universidade e sobre os que, sendo doutras Administracións, atinxan os Campus, así como no labor de fiscalización e esixencia cara o Concello de Santiago de Compostela para a execución das obras necesarias en todos aqueles espazos que sexan da súa titularidade pero que se atopan nos Campus, na liña do establecido nas liñas

xerais do orzamento 2022. O segundo deles procurará outorgar unha maior visibilidade á presenza de persoas con necesidades especiais na USC, así como a fomentar a participación destas nos estudos da Universidade, implementando métodos para garantir a súa participación en todas as actividades que se desenvolvan na USC.

2. A docencia

Unha das debilidades ás que nos temos que enfrontar con accións decididas é o reto que supón a evolución demográfica na nosa contorna. A USC capta o seu alumnado na contorna máis próxima. No curso 2020-2021, último dispoñible no Sistema Integrado de Información Universitaria, tan só o 4,4% do alumnado era de orixe internacional, sumando tanto o alumnado estranxeiro que cursa os seus estudos oficiais na USC como o alumnado de programas de mobilidade.

Esta porcentaxe era inferior á media do estado, que se situaba nese curso académico no 5,05% no conxunto de universidades públicas, e tamén se a comparamos con outras comunidades como a catalá, onde a media ascendía ao 7,5% ou a andaluza, que se situaba no 5,17%.

Á marxe das eivas na captación internacional, tamén debemos ter en conta a captación de alumnado no ámbito nacional. No mesmo curso de referencia, o 97,43% do alumnado de novo ingreso no Sistema Universitario de Galicia procedía de España e, dentro desa porcentaxe, o 93,4% era alumnado galego.

Para ter unha referencia exacta do número absoluto que supoñía nese momento o 93,4% de alumnado estamos a falar dun total de 49.945 alumnos no conxunto do SUG. Se analizamos o alumnado de novo ingreso, nese mesmo curso supuxo a incorporación de 12.223 alumnos de grao e 4.266 de mestrado, o que fai un total de 16.489 alumnos e alumnas que iniciaron os seus estudos no SUG.

En canto á evolución da demografía, as cifras son máis que preocupantes. A proxección publicada polo Instituto Galego de Estatística abrangue o período 2020-2035. No curso anterior, a poboación en Galicia en idade de acceder a estudos universitarios de grao era de 21.732. A previsión nesa cohorte de idade

aumenta lixeiramente ata o ano 2027, a partir do que a redución é constante ata o último ano da serie supoñendo máis dun 15%.

Cómpre polo tanto incrementar a incorporación de alumnado, diversificando as estratexias a poñer en marcha, sobre todo se valoramos que o fondo de custo estándar do Plan Galego de Financiamento Universitario se calcula en función dos créditos matriculados en titulacións oficiais.

En relación cos procesos de admisión, a revisión e actualización da normativa de xestión académica, de xeito coordinado coa implantación de Sigma Académica, ten que servir para facilitar a matrícula do alumnado, simplificando os trámites, e facilitando e axilizando ao máximo os procedementos máis sensibles, como os recoñecementos e as equivalencias de titulacións para o acceso. O obxectivo principal é dar un mellor servizo ao alumnado, facilitando a súa incorporación, e cubrir ao máximo o número de prazas ofertadas en cada curso académico nas titulacións en cada nivel.

O reforzo da imaxe institucional a nivel nacional e internacional debe orientarse á captación de novo alumnado, non só de titulacións oficiais. A Universidade de Santiago de Compostela imparte titulacións propias, cun potencial de demanda entre o mundo da empresa que se debe impulsar. Nesta estratexia, tamén é importante explorar as posibilidades doutro tipo de formación de curta duración como a oferta de módulos ou materias de xeito independente, procurando a implantación de docencia que lle permita á cidadanía cursalo en réxime non presencial ou semipresencial. Esta estratexia desenvolverase coa posta en marcha de microcredenciais, a implantación de ferramentas adecuadas e de formación, e o reforzo da innovación docente. Esta estratexia precisa dunha mellora tecnolóxica e dunha transformación dixital, que se describe na liña instrumental 5.

Co obxectivo de avanzar na mellora progresiva da oferta académica da institución, propóñense as seguintes actuacións, cun orzamento previsto de 220.000 €:

a) Accións de captación de estudantes para as titulacións de grao, mestrado e doutoramento.

Os resultados das accións de captación de estudantado internacional para as titulacións de máster oficial realizadas no ano 2022, que tiveron o seu impacto directo na matrícula do curso 2022-2023, aconsellan darlle continuidade a este tipo de accións e ampliar a súa aplicación aos estudos de grao e de doutoramento, así como á captación de estudantado nacional procedente de fóra de Galicia. Para o deseño destas estratexias de captación terá especial relevancia a continuidade do uso de ferramentas de posicionamento, nomeadamente Keystone, que se leva empregando na USC dende principios do ano 2021 con bos resultados. Esta ferramenta permite unha segmentación do mercado de captación, para así poder realizar campañas de mercadotecnia enfocadas a unha área xeográfica determinada ou ben a un tipo de estudantado determinado.

As actuacións específicas dentro deste apartado inclúen as seguintes:

- A participación en feiras nacionais e internacionais de captación -tanto as que retoman o formato presencial despois da pandemia como as que se desenvolven en formato virtual-, como Europosgrados ou Qualifica entre outras.
- A elaboración de materiais promocionais dos distintos graos, mestrados e programas de doutoramento, tanto en formatos convencionais como en dixitais.
- A posta en marcha de campañas de márketing dixital dirixidas á difusión das nosas titulacións e, no caso da captación internacional, orientada fundamentalmente ao mercado de América Latina e Brasil.

b) Accións de mellora das titulacións de mestrado oficial e dos programas de doutoramento

Claramente relacionado coas accións descritas no apartado anterior e coa mellora continua das nosas titulacións, propónse o desenvolvemento dunha convocatoria de proxectos de mellora das titulacións de mestrado oficial e dos programas de doutoramento, que inclúa, entre outros obxectivos, os seguintes:

a posta en marcha de programas de titorización e mentorización individual do estudiantado, accións relacionadas co seguimento das persoas egresadas no mercado laboral, potenciación das competencias para a empregabilidade e o coñecemento da práctica profesional.

c) Accións dirixidas a desenvolver un sistema de avaliación integral da docencia impartida e recibida. Así mesmo, ,co obxecto de ampliar a oferta docente, porase en marcha unha política de estímulo para a actualización docente (contidos e metodoloxías).

No ámbito da internacionalización, ademais das accións de captación sinaladas anteriormente, as principais liñas comprenderán, por unha banda, actuacións de consolidación de accións iniciadas no 2022 e, por outra, a posta en marcha de novas iniciativas, cun orzamento estimado de 210.000 € no seu conxunto:

a) Mellora da xestión da internacionalización

Durante o ano 2022 realizouse un estudo das necesidades da USC para a xestión da internacionalización e unha análise das diferentes ferramentas deste tipo existentes no mercado. Como resultado desta análise, no exercicio 2023 procederá á adquisición e implementación da ferramenta MoveOn, que suporá unha modernización da xestión nos ámbitos da atracción, proxección, mobilidade, captación de alumnado internacional e situará á USC ao nivel das universidades da súa contorna.

b) Potenciación da mobilidade do estudiantado

Neste eido contémpanse as seguintes accións:

(i) O lanzamento dun programa de axudas á mobilidade de estudantes propios no marco de convenios bilaterais, que servirá para promocionar a mobilidade a destinos non financiados a través do programa Erasmus+. Dada a ausencia de financiamento, os fluxos de mobilidade a través de convenios bilaterais adoita a ser asimétrica entre o estudiantado *incoming*, máis numeroso, e o alumnado *outgoing*, máis reducido. As áreas xeográficas prioritarias para este programa son Hispanoamérica e Brasil, así como a África lusófona.

(ii) A posta en marcha doutras modalidades de mobilidade, nomeadamente experiencias de mobilidade combinada, física e virtual, con programas como Blended Mobility ou Blended Intensive Programmes. Estes programas, que poden ser de longa ou curta duración, proporcionan novas oportunidades de internacionalización para estudiantado que, por motivos económicos, non pode participar en programas de mobilidade máis afianzados como o Erasmus+.

c) Mellora da proxección internacional da USC

Neste apartado inclúense distintas accións de melloramento da proxección internacional da institución, tales como a participación nas principais feiras de *networking* a nivel internacional (NAFSA, centrada no mercado americano; APAIE, enfocada en Asia-Pacífico; EAIE para Europa) e distintas actividades relacionadas coa incorporación da USC en redes e alianzas internacionais.

d) Reforzamento das accións de cooperación internacional

Co fin de promocionar a imaxe da USC como unha universidade solidaria e comprometida, procederáse a un reforzo e visibilización das accións de cooperación internacional, de tanta relevancia no contexto internacional actual. Entre as accións contempladas neste apartado figuran as seguintes: programa de axudas a persoas refuxiadas ou con status de protección temporal, ao que lle se deu un impulso moi notable no ano 2022, ou o programa Learn Africa, en colaboración coa Fundación Mujeres por África.

3. A investigación

As últimas reformas lexislativas, nomeadamente a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e a reforma do Estatuto dos Traballadores que entrou en vigor o 30 de decembro de 2021, abriron un novo escenario de oportunidades no ámbito da investigación.

Así mesmo, a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, foi unha oportunidade aproveitada pola Universidade de Santiago de Compostela de xeito pioneiro,

para a estabilización de persoal investigador e de apoio á investigación que realizan tarefas estruturais no ámbito da I+D+i.

Neste contexto, é importante avanzar nos procesos iniciados en 2022, dirixidos á consolidación de estruturas de investigación que sumen recursos para a xestión da investigación e sinerxías no eido científico. Estas actuacións contarán cun financiamento plurianual, a través do Convenio de servizos de apoio á investigación coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, necesario para desenvolver programas que impulsen a investigación e a transferencia do coñecemento. O financiamento desta actuación, cunha duración de catro anos, supón un ingreso de 1,8 millóns anuais.

Cómpre unha redefinición dos procedementos de xestión da investigación, descentralizándoa naquelas estruturas que contan con recursos e apoiando a agrupación de grupos e persoal investigador non integrados nelas. Así mesmo, é necesaria a racionalización da xestión en estruturas interuniversitarias, apoiando a súa consolidación e actividade científica con recursos de xestión comúns.

A transferencia do coñecemento, crucial na captación de recursos pola prestación de servizos en I+D+i, na posta en marcha de empresas de base tecnolóxica e na obtención de patentes. Os obxectivos neste ámbito teñen que estar ligados necesariamente á mellora dos indicadores previstos no panel do PGFU 2022-2026 polo que o investimento en melloras nos resultados redundará na mellora da captación de recursos estruturais. Así, a dotación prevista para o 2023 ascende neste ámbito a 330.000 euros.

Por outra banda, mantense o compromiso da Universidade de Santiago de Compostela co programa de xestión de ingresos por custos indirectos que se puxo en marcha en 2021 cos catro centros singulares de investigación.

Para o ano 2023, este programa ampliarase a outras estruturas de investigación empregando eses recursos para a obtención de resultados que lles permitan captar máis recursos á súa vez e incrementar os custos indirectos xerados. Este programa ten un orzamento estimado de 700.000 €.

Co obxecto de reforzar ou abrir novas liñas de investigación é importante poñer en marcha unha política de estímulo para a captación de recursos, cunha dotación de 150.000 € que estará condicionada á dispoñibilidade de recursos de I+D+i, con dous obxectivos:

- Por unha banda, reforzar o apoio que se viña prestando ao persoal investigador no proceso de solicitude de bolsas do Consello Europeo de Investigación (ERC) e abrir unha liña de captación de persoal posdoutoral no marco das accións Marie Skłodowska-Curie da Unión Europea.
- Por outra, incentivar a consolidación de liñas de investigación mediante un programa de apoio á incorporación de programas posdoutorais que facilite o desenvolvemento do seus proxectos.

No relativo ao persoal contratado predoutoral, continuarase coa convocatoria de contratos predoutorais da USC. Con este fin, promoverase a convocatoria de 7 contratos predoutorais con cargo a recursos estruturais que terá unha contía de 175.000 €.

Asegurarase o acceso a equipamento informático de todo o persoal investigador da universidade, con independencia do capítulo con cargo ao que estea contratado. A tal fin, estableceranse as canles e procedementos necesarios para o emprego eficiente dos recursos actualmente dispoñibles.

Por último, cómpre reflexionar sobre a igualdade como valor transversal a fomentar por parte da Universidade, na súa situación no ámbito da ciencia.

A análise da situación das investigadoras e docentes na Universidade de Santiago de Compostela, a través do estudo da fenda salarial, demostra que aínda queda un longo camiño por percorrer para a igualdade efectiva no exercicio profesional das mulleres da institución. Os datos amosan, na clásica representación en forma de tesoira, como a maternidade e as circunstancias derivadas dos coidados penalizan no medio da carreira académica, e que persiste a dificultade de acceso ás cátedras, na súa culminación, nomeadamente nas áreas de coñecemento de ciencias e enxeñería e arquitectura.

A lexislación vixente, sobre todo en disposicións moi recentes, busca corrixir estes desequilibrios e inxustizas na carreira das investigadoras e docentes no eido universitario. Así, temos que ter en consideración dentro do ámbito autonómico a Resolución de 24 de agosto de 2021, da Dirección de Relacións Laborais e a Lei 13/2021, do 20 de xullo, coñecida como a Lei Ángeles Alvariño. No ámbito estatal, é de obrigado cumprimento a Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

A Universidade de Santiago debe comprometerse para cumprir esta regulación e, para iso, cómpre facer diagnoses precisas sobre a situación das investigadoras, desenvolver medidas que permitan a conciliación, garantir a igualdade de oportunidades a partir da corrección de desigualdades nos currículos e nas convocatorias en colaboración con outras administracións, garantir a composición de tribunais e xurados con paridade, e desenvolver plans de igualdade específicos para os centros de investigación, entre outras accións. Estas accións complementan o cumprimento do III PEIOHM, no que xa están previstas accións dedicadas á investigación.

LIÑAS INSTRUMENTAIS

4. Os medios necesarios

Esta liña instrumental trata de garantir a planificación necesaria para o mantemento, adquisición e mesmo construción dos recursos materiais para manter a actividade da institución.

4.1 Cidade da Saúde

Rematado o concurso de ideas para o deseño do novo centro de Ciencias da Saúde, continuarase co desenvolvemento do proxecto previsto no Plan de Infraestruturas da USC, co obxecto de poder comezar a construción da primeira fase no curso 2023-2024.

Avanzarase tamén na reforma do edificio de San Francisco da Facultade de Medicina e Odontoloxía e na reforma da zona de grao da planta baixa do edificio de Odontoloxía. Esta actuación está dotada con 850.000 €.

4.2 Rehabilitación de edificios do Plan de Infraestruturas

Continuarán as tarefas de redacción de proxectos nuns casos, e licitacións das reformas noutros segundo as previsións. En concreto, afectarán aos seguintes edificios:

- Facultade de Química
- Facultade de Ciencias da Educación
- Facultade de Xeografía e Historia
- Colexio Maior San Clemente

Esta actuación ten unha dotación de 3.700.000 €.

4.3 Espazos USC

Continuarase, dentro desta actuación enmarcada no Plan de Proxección Social, co programa de mantemento e mellora dos campus universitarios, con independencia de manter o diálogo cos concellos e institucións competentes para que colaboren no seu mantemento e actualización.

En Lugo, rematará o acondicionamento da Valgada como espazo de convivencia para a comunidade universitaria e os veciños e veciñas. Seguindo coas actuacións con máis proxección, como xa se comentou, abrirase unha Unitenda no Pazo de Montenegro, integrada co conxunto do museo Domus Mitreo, que sirva para por en valor a marca USC onde máis proxección pode ter.

En Santiago de Compostela, no colexio de Fonseca, integrarase na Capela o espazo cultural co espazo da Unitenda, nunha localización única polo volume de persoas que recibe anualmente. Procederase tamén ao acondicionamento interior do Auditorio Universitario como espazo polivalente para actividades

deportivas e culturais e, por último, realizaranse outras actuacións como o proxecto e licitación da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Matemáticas, a reforma do Pavillón Estudantil, e as reformas e a mellora das dotacións dedicadas á actividade deportiva.

Reformaranse as cafeterías de Ciencias Económicas e Empresariais e Fonseca para convertelas nun Espazo USC e comezarase coa implantación do proxecto de actualización da sinalética institucional, tanto exterior como interior, a medida que se vaian realizando obras de renovación dos espazos e en función das dispoñibilidades orzamentarias.

A posta en valor do patrimonio precisa de ferramentas que permitan a súa difusión entre a comunidade universitaria, o público xeral e as entidades interesadas en facer uso dos nosos espazos. Para iso, completárase a serie de vídeos promocionais, centrándose nos espazos dispoñibles para a celebración de actividades e na promoción da evolución do noso patrimonio singular.

Esta actuación terá unha dotación de 1.635.000 de euros.

4.4 Mobilidade sustentable

Para avanzar na mobilidade sustentable realizaranse actuacións para crear unha rede de vías de uso preferente para bicicletas e vehículos de mobilidade alternativa, ampliarase a rede de puntos de recarga de vehículos eléctricos, vinculada á iniciativa anterior, e estenderanse os puntos de mantemento de bicicletas, aparcabicis, recarga e alugueiro.

Así mesmo, promoverase o uso compartido dos vehículos particulares e, no caso do Parque Móbil da USC, substituiranse por vehículos 100% eléctricos. Esta actuación estará dotada con 130.000 €.

4.5 Colaboración cos centros

Contéplase tamén manter a colaboración cos centros para acometer obras de certa entidade, con rehabilitacións nas Facultades de Farmacia e Psicoloxía e a reforma dos espazos de investigación desta última.

Poñerase en marcha, dentro desta actuación, un programa de investimentos que promova o aforro en electricidade e calefacción con base en actuacións de control do consumo e aumento da eficiencia.

Esta actuación estará dotada con 620.000 €.

4.6 Aforro e eficiencia enerxética, implantación do plan de estratexia enerxética

Esta actuación, prevista no Plan de Estratexia Enerxética 2022-2026, é unha das máis importantes tendo en conta o contexto. Poñerase en marcha un novo modelo de xestión do mantemento dirixido á actualización das instalacións para asegurar o seu funcionamento, reducir o consumo e aumentar a súa eficiencia enerxética e minorar o impacto ambiental: revisión de contratos, potenciais, regulacións de temperaturas, etc. A execución dos proxectos de instalacións fotovoltaicas da convocatoria 2022-2023 de INEGA permitirá tamén unha maior independencia enerxética da institución.

O contrato de servizos enerxéticos, pola súa banda, comportará a realización de investimentos que optimizarán os consumos, aproveitando esta circunstancia para a sectorización en centros que sexan grandes consumidores de enerxía.

Procederase tamén á mellora dos sistemas de calefacción e climatización de pequenos edificios e redactaranse os proxectos para novas instalacións de enerxía fotovoltaica e biomasa.

Polo que se refire á eficiencia pasiva dos edificios, executarase a mellora das envolventes, con financiamento alleo adicional, dos seguintes edificios:

- Edificio Monte da Condesa
- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e Relacións Laborais
- Facultade de Física
- Pavillón Estudantil

Ademais das actuacións anteriores, os orzamentos contemplan tamén o gasto plurianual de reformas e proxectos que veñen de exercicios anteriores, por importe de 4,8 millóns de euros.

5. A transformación dixital

Esta liña é unha das máis importantes pola súa transversalidade e polo impacto potencial que pode ter sobre a mellora da prestación dos servizos que conforman as actividades universitarias. A previsión orzamentaria inicial é de 2.107.000 €.

A USC leva moitos anos afondando na dixitalización dos medios empregados na docencia e a investigación, así como nos labores de apoio a estas actividades. As iniciativas tomadas durante o período da pandemia afondaron aínda máis esta tendencia completando o uso das ferramentas tradicionais coa introdución masiva de medios de teledocencia, uso intensivo de recursos na nube ou en ferramentas para o teletraballo.

O desafío para os próximos anos é transcender a dixitalización dos procesos e comezar a adoptar unha estratexia de transformación dixital, onde a énfase se poña no concepto de transformación das actividades de docencia e investigación na dirección decidida polas instancias de goberno e onde o dixital sexa un medio, fundamental nos nosos tempos, para lograr estes obxectivos.

Estamos a pensar en incrementar a captación de estudantes nacionais e internacionais, estender as capacidades de formación da USC ao longo da vida profesional e intelectual das persoas, aumentar a noso potencial de colaboración en proxectos de investigación básica e aplicada con institucións e empresas de todo o mundo ou proxectar a imaxe e actividade da nosa universidade a través da extensión universitaria para que chegue a todos os potenciais interesados. Neste novo marco, o substantivo debe ser a transformación e o adxectivo, o dixital.

Aínda que o núcleo da actividade universitaria é a docencia e a investigación, os labores de apoio e a infraestrutura sobre a que se realizan estas actividades, tamén están suxeitos a transformación, e a estratexia debe estar coordinada coas iniciativas de grande escala que a universidade está a poñer en marcha

nestes campos. En particular, a remodelación das actividades administrativas de apoio e a implementación de políticas de aforro e eficiencia no uso das instalacións tamén debe ser obxectivos da iniciativa.

Neste novo enfoque do dixital, a primeira actuación contemplada é a definición e aplicación dunha estratexia de transformación dixital integrada cos obxectivos estratéxicos da USC, para a que se elaborará un Plan director de transformación dixital que identifique as liñas de traballo, obxectivos e accións necesarias para avanzar na transformación da forma en que ensinamos, aprendemos e investigamos.

Sen prexuízo das accións que se inclúan no plan, e que necesariamente terán carácter plurianual, a experiencia dos últimos anos permítenos identificar áreas de mellora que se poden comezar a impulsar desde o comezo do ano 2023. No que se refire ás accións inmediatas dirixidas á docencia e á investigación:

- Posta en marcha dunha USC Virtual, entendida como plataforma de promoción, captación, internacionalización e xeración de imaxe de marca na docencia. Esta iniciativa estará centrada na captación de recursos internacionais para másteres oficiais e propios e na fidelización de alumnado para os estudos presenciais e terá unha dotación de 100.000 €.
- Complementando a actividade anterior, promoverase a formación en innovación docente en áreas que sirvan de programa piloto, coa elaboración e mellora de materiais docentes, e a súa difusión a través de plataformas compatibles co campus virtual. Farase especial énfase naqueles cursos que se podan empregar como vehículo de captación e internacionalización, para o que se constituirá un grupo de traballo, coordinado pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, no que participarán representantes do Colexio de Decanos/as e Directores/as de Centro, o Centro de Estudos Propios, a Área Académica, o Centro de Formación de Persoal e a Área de Infraestruturas. A dotación desta actividade será de 600.000 euros.
- Implementación de aulas de informática de prácticas mediante servizos na nube que se executan nos ordenadores persoais de alumnado e profesorado co

fin de facer posible a docencia práctica nas materias da USC Virtual e comezar a reducir o parque de ordenadores fixos e o consumo das aulas de informática, para o que se destinarán 60.000 €.

- Promover o uso de centros de procesamento de datos na nube e o uso de recursos de computación noutros centros públicos mediante accións de difusión e mediante os recursos dedicados do centro de datos da USC na nube, que se explica e orzamenta máis abaixo.

En relación ás medidas vinculadas aos programas de renovación de infraestruturas e introdución de medios máis eficientes desde o punto de vista enerxético:

- Potenciar o uso de ferramentas na nube, que permiten realizar os labores docentes, investigadores ou as actividades de apoio dunha forma descentralizada, flexible e máis eficiente. Establecerase e executárase un plan para facer uso dos recursos xa dispoñibles en Microsoft 365, eliminando o uso de recursos locais e no centro no centro de procesamento físico da USC situado no Pavillón de Servizos. Potenciarase o uso do centro de procesamento da USC na nube, completando a migración de aplicacións que fan uso deste centro e programando novas migracións para intensificar e rendibilizar os recursos na nube. En particular, rematar a implantación da nova web da USC e o estender o uso da intranet a todos os servizos e unidades. Esta actuación contará cun orzamento de 90.000 €.

- Renovar o equipamento informático e multimedia do profesorado, o material docente das aulas dos centros e a creación de aulas polivalentes no marco do programa AULADIX, priorizando o uso de equipos eficientes. Suporá un investimento de 628.000 €.

- Implantación dunha ferramenta de xestión de espazos que permita facer un seguimento da asignación, ocupación, e intensidade de uso para optimizar a súa utilización, cuxa execución se estima en 50.000 €.

- Investir en ciberseguridade, na que, entre outras accións, crearase un *hub* coas outras dúas universidades públicas galegas co obxectivo de reforzar as

capacidades e mellorar a coordinación das accións para facer máis seguro o traballo diario coas aplicacións. Este proxecto ten un custo de 420.000€ nos que a USC aportará 140.000 €.

Por último, na liña de perfeccionar e optimizar os procesos administrativos e de apoio á docencia e á investigación, abordaranse as seguintes accións:

- Implantación da ferramenta SIGMA Académica. Este proxecto, propiciado pola integración das outras universidades do SUG nesta Agrupación de Interese Económico formada por 16 universidades públicas, será unha oportunidade para revisar os procesos e procedementos de xestión administrativa da organización académica e da xestión da vida académica do alumnado, descentralizando e devolvendo aos centros a parte máis próxima aos alumnos. Isto impulsará, ao mesmo tempo, a reorganización do persoal da área académica. A dotación para a implantación desta ferramenta en 2023 é de 224.000 euros.
- Introducción dun sistema de xestión de documentos que permita dixitalizar a documentación en papel de todas as áreas de xestión, comezando polas áreas de recursos humanos e xestión económica. Continuarase cos traballos de implantación da ferramenta de Arquivo Dixital Único que xestione os expedientes derivados da actividade universitaria, tanto no que se refire aos documentos xerados electronicamente como aos dixitalizados polo primeiro sistema. O investimento previsto para a anualidade 2023 é de 60.000 €.
- Unificación das ferramentas de xestión da formación do PAS, PDI e persoal investigador implantando o módulo de formación de UXXI-RRHH e implantación dunha ferramenta de xestión do expediente do persoal, onde conste a información relevante para os procesos de promoción, provisión, selección e carreira horizontal, cunha dotación de 50.000 € e con recursos adicionais a través da colaboración coas administracións.
- Implantación dunha ferramenta de xestión orzamentaria e melloras nas ferramentas de xestión da investigación, integrando os cambios derivados das diferentes reformas normativas e da reorganización estrutural prevista neste ámbito. Contará cunha dotación para o 2023 de 90.000 €.

- Revisar a ferramenta da Sede Electrónica para a súa adaptación aos requirimentos normativos aprobados o pasado ano, coa reformulación dos instrumentos de publicación e difusión de normas e actos administrativos. Adicionalmente, habilitar unha canle electrónica de información sobre eventuais vulneracións do ordenamento europeo e nacional para dar cumprimento á directiva europea nesta materia. Estímase un custo de 15.000 € para por en marcha as modificacións necesarias das aplicacións.

6. A colaboración institucional

Entre as actuacións de colaboración institucional, continuaremos con diálogo intenso coas institucións da contorna máis próxima para compartir e mellorar os espazos. Especificamente, e seguindo a iniciativa do grupo de traballo para a mellora da calidade de vida nos campus de Santiago, impulsárase desde a USC o desenvolvemento de propostas de rehabilitación e humanización dos Campus, así como a busca de compromisos e recursos que posibiliten a súa implementación.

Así, instárase a modificación do Plan Especial PE-8 do campus de Santiago de Compostela o que permitirá unha maior flexibilidade no uso da edificabilidade que ten o Campus.

Coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, realizarase a adaptación de espazos para rematar a implantación do grao en Intelixencia Artificial no edificio Emprendia, trasladando os espazos de emprendemento da USC aos edificios de investigación.

Por outra parte, avanza na reforma integral dos Chalés dos Catedráticos para albergar un centro de investigación en Ciencias Sociais e Humanidades e, en Lugo, coa reforma do Pavillón 4 da Facultade de Veterinaria para situar nel un centro de investigación nas disciplinas das áreas da Facultade.

Por outra, prevése avanzar noutras actuacións de interese, como a reforma e acondicionamento do Observatorio Astronómico, o acuario de Bioloxía e os espazos de investigación da Biblioteca Xeral.

As actuacións anteriores terán un valor estimado de 600.000 € no seu conxunto.

Por outra banda, en colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude, financiarase a gratuidade da matrícula na etapa infantil das nenas e nenos da Escola Infantil Breogán. Abrirase este servizo á cidadanía ata completar o número de prazas dispoñibles, reservando unha porcentaxe para o persoal e alumnado da Universidade e completando o resto de prazas para poñer en valor un recurso que ten un valor intanxible pola súa situación privilexiada e polo servizo que presta.

No relativo aos Fondos Next Generation UE, como xa se comentou, desenvolverase o Proxecto Nós, liderado pola USC, co Instituto de Lingua Galega (ILG) e o Centro de investigación de Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS) á cabeza, e co apoio da Xunta de Galicia e Amtega. Este proxecto está dotado con 2.000.000 € e un prazo de execución desde o 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2025.

VINCULACIÓN COS EIXES ESTRATÉXICOS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL 2023-2026

Xunto coas liñas xerais para o 2023, o Claustro aprobou as liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026.

Traballando cunha visión integradora, cómpre relacionar as liñas estratéxicas e instrumentais previstas para o seguinte ano cunha planificación a medio prazo, que contén neste caso a Programación Plurianual 2023-2026. De seguido, recóllese esa vinculación:

Eixes da PP 2023-2026	Liñas estratéxicas	Liñas instrumentais
1.O estudantado e a comunidade universitaria	1. As persoas	4. Os medios necesarios 5. A transformación dixital 6. A colaboración institucional
2.A formación e a docencia no novo contexto	2. A docencia	
3.Os retos na política de persoal	1. As persoas	
4.A investigación e innovación como motor de desenvolvemento	3. A investigación	
5.A senda da internacionalización	1. As persoas	
6.Na procura de infraestruturas ecoeficientes		
7.A USC na era da transformación dixital		
8.A xestión eficiente dos recursos		

RESUMO XERAL DOS ORZAMENTOS

Na seguinte táboa preséntanse os estados numéricos dos orzamentos 2023 de acordo coa clasificación económica por capítulos:

INGRESOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
III	Prezos públicos e outros ingresos	1.041.250	33.770.250	34.811.500
IV	Transferencias correntes	4.416.803	151.159.374	155.576.177
V	Ingresos patrimoniais	-	669.600	669.600
VI	Alleamento investimentos reais	-	-	-
VII	Transferencias de capital	59.626.146	37.207.176	96.833.322
	TOTAL NON FINANCEIRO	65.084.199	222.806.400	287.890.599
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	-	-	-
	TOTAL FINANCEIRO	-	-	-
	TOTAL	65.084.199	222.806.400	287.890.599

GASTOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
I	Gastos de persoal	-	169.167.247	169.167.247
II	Gastos correntes	1.135.000	31.103.744	32.238.744
III	Gastos financeiros	-	795.000	795.000
IV	Transferencias correntes	1.800.000	2.499.625	4.299.625
V	Fondo continxencia	-	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	56.114.884	21.900.099	78.014.983
VII	Transferencias de capital	-	-	-
	TOTAL NON FINANCEIRO	59.049.884	226.215.715	285.265.599
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	-	2.625.000	2.625.000
	TOTAL FINANCEIRO	-	2.625.000	2.625.000
	TOTAL	59.049.884	228.840.715	287.890.599

O incremento con respecto ao ano 2022 é do 4,7%, superior ao que se produce no Plan Galego de Financiamento Universitario, que acada o 3% no conxunto do fondos que o compoñen.

A Universidade non pode renunciar a conseguir máis recursos, o PGFU debe actuar de marco mínimo pero sen esquecer que a actuación nos ingresos debe fomentar a captación de novos recursos.

Evolución de orzamentos iniciais no período 2017-2023

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO		2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
III	Prezos públicos e outros ingresos	34.926.820	34.967.870	35.090.000	35.765.000	34.496.500	34.798.500	34.811.500
IV	Transferencias correntes	136.475.185	134.663.401	139.143.140	142.552.774	144.830.260	150.624.760	155.576.177
V	Ingresos patrimoniais	317.000	383.357	487.000	596.200	475.000	620.000	669.600
	CORRENTES	171.719.005	170.014.628	174.720.140	178.913.974	179.801.760	186.043.260	191.057.277
VI	Alleamento investimentos reais	-	-	1.079.340	2.850.000	2.850.000	-	-
VII	Transferencias de capital	48.623.918	56.649.959	63.026.200	66.970.515	77.080.540	88.918.815	96.833.322
	CAPITAL	48.623.918	56.649.959	64.105.540	69.820.515	79.930.540	88.918.815	96.833.322
	TOTAL NON FINANCEIRO	220.342.923	226.664.587	238.825.680	248.734.489	259.732.300	274.962.075	287.890.599
VIII	Activos financeiros	-	-	-	-	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	4.767.730	5.900.000	5.847.000	5.530.000	2.730.000	-	-
	TOTAL FINANCEIRO	4.767.730	5.900.000	5.847.000	5.530.000	2.730.000	-	-
	TOTAL	225.110.653	232.564.587	244.672.680	254.264.489	262.462.300	274.962.075	287.890.599

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO		2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
I	Gastos de pessoal	144.322.240	144.813.865	151.246.700	157.535.450	157.971.000	163.025.000	169.167.247
II	Gastos correntes	24.462.959	25.759.611	26.742.065	27.287.838	26.830.665	27.697.270	32.238.744
III	Gastos financeiros	787.011	400.000	490.470	565.000	550.000	625.000	795.000
IV	Transferencias correntes	1.884.071	1.733.580	1.733.580	2.087.496	3.768.290	3.999.625	4.299.625
	CORRENTES	171.456.281	172.707.056	180.212.815	187.475.784	189.119.955	195.346.895	206.500.616
V	Fondo continxencia	350.000	50.000	1.500.000	500.000	750.000	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	47.950.648	55.211.425	60.122.220	62.348.705	69.492.345	76.240.180	78.014.983
VII	Transferencias de capital	-	-	-	-	-	-	-
	CAPITAL	47.950.648	55.211.425	60.122.220	62.348.705	69.492.345	76.240.180	78.014.983
	TOTAL NON FINANCEIRO	219.756.929	227.968.481	241.835.035	250.324.489	259.362.300	272.337.075	285.265.599
VIII	Activos financeiros	500.000	-	-	-	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	4.650.090	4.596.106	2.837.645	3.940.000	3.100.000	2.625.000	2.625.000
	TOTAL FINANCEIRO	5.150.090	4.596.106	2.837.645	3.940.000	3.100.000	2.625.000	2.625.000
	TOTAL	224.907.019	232.564.587	244.672.680	254.264.489	262.462.300	274.962.075	287.890.599

Analizamos agora o incremento por capítulos de ingreso e gasto con respecto ao ano anterior.

No relativo aos ingresos, as variacións son as que se presentan a continuación:

Capítulo	2022	2023	% 2022-2023
III. Prezos públicos e outros ingresos	34.798.500	34.811.500	0,04%
IV. Transferencias correntes	150.624.760	155.576.177	3,29%
V. Ingresos patrimoniais	620.000	669.600	8,00%
Ingresos correntes	186.043.260	191.057.277	2,70%
VI. Alleamento de investimentos reais	-	-	-
VII. Transferencias de Capital	88.918.815	96.833.322	8,90%
Ingresos capital	88.918.815	96.833.322	8,90%
Ingresos non financeiros	274.962.075	287.890.599	4,70%
VIII. Variación activos financeiros	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	-	-	-
Ingresos financeiros	-	-	-
Totais	274.962.075	287.890.599	4,70%

Analizando cada capítulo pódese destacar o seguinte:

- O capítulo III mantense nos termos do ano anterior, tanto nos ingresos por matrícula como nos relativos á prestación de servizos, entre os maioritarios son os relativos ás residencias universitarias e que se conxelaron.
- O capítulo IV experimenta unha subida froito do incremento da transferencia do Plan Galego de Financiamento Universitario prevista para o ano 2023 e que deriva, en gran medida, do incremento retributivo para o sector público.
- O capítulo V experimenta unha subida derivada da actualización dos canons ás concesionarias e dos alugueiros.
- O capítulo VII experimenta a maior subida do orzamento. Ademais dos ingresos do PGFU para investimento, este capítulo contén os ingresos previstos de convocatorias competitivas de I+D+i no ámbito autonómico, nacional e internacional. A maiores, neste capítulo incorpórase de xeito extraordinario a contía prevista para o Plan de Infraestruturas prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia e a contía asignada á USC a través do PERTE Nova economía das linguas.

Canto aos gastos, a comparativa co ano 2022 reflicte as seguintes variacións:

Capítulo	2022	2023	% 2022-2023
I. Gastos de persoal	163.025.000	169.167.247	3,77%
II. Gastos en bens correntes e servizos	27.697.270	32.238.744	16,40%
III. Gastos financeiros	625.000	795.000	27,20%
IV. Transferencias correntes	3.999.625	4.299.625	7,50%
Gastos correntes	195.346.895	206.500.616	5,71%
V. Fondo de continxencia e imprevistos	750.000	750.000	0,00%
VI. Investimentos reais	76.240.180	78.014.983	2,33%
VII. Transferencias de capital	-	-	-
Gastos de capital	76.240.180	78.014.983	2,33%
Gastos non financeiros	272.337.075	285.265.599	4,75%
VIII. Variación de activos financeiros	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	2.625.000	2.625.000	0,00%
Gastos financeiros	2.625.000	2.625.000	0,00%
Totais	274.962.075	287.890.599	4,70%

Por capítulos, destacamos o seguinte:

- No capítulo I reflíctese o incremento previsto nas retribucións do persoal do sector público para o ano 2023 e as accións destinadas ao persoal.
- O capítulo II experimenta unha forte subida, debido ao incremento dos prezos da enerxía. Porén, o incremento real é maior, xa que o maior gasto en subministracións compénsase, en parte, mediante as medidas de aforro derivadas do Plan de Estratexia Enerxética, e polo aforro que se está conseguindo grazas ao encargo da prestación do servizo da limpeza á Fundación USC M.P., que se achega ao millón de euros anual.
- O capítulo III é o que maior incremento sofre, debido ao aumento dos tipos de xuros da débeda pendente, polo escenario internacional de crise.
- O capítulo IV prevé un incremento derivado, fundamentalmente, do maior gasto en bolsas, tanto as de estudo como as de programas de intercambio.
- O capítulo VI prevé un incremento de gasto derivado da execución de investimentos e da captación de recursos de investigación.
- O capítulo IX contempla a amortización de débeda prevista para esta anualidade.

Por último, recóllese o resumo das principais actuacións para o 2023:

Liña	Actuación	Dotación
	Axudas ao alumnado en situación de vulnerabilidade [8075 3914 48000]	345.000 €
As persoas	Plan de Proxección Social [8043 4202 22900; 8010 4401 22900; 8075 441A 63000; 8075 300A 63000]	2.000.000 €
	O persoal [8075 3000 12204; 8075 3000 12251; 8075 2000 64000]	2.770.000 €
A docencia	Accións de mellora docente [8052 1B00 22800]	220.000 €
	Acción de internacionalización [8052 3303 22600; 8052 3307 22600]	210.000 €
	Reestruturación da xestión da investigación [8075 2730 64100]	1.800.000 €
A investigación	Impulso á transferencia do coñecemento [8010 2801 64000]	330.000 €
	Política de captación de recursos de investigación [8050 7000 64100]	150.000 €
	Programa de xestión de ingresos por custos indirectos [8075 3501 64000]	700.000 €
	Cidade da Saúde [8075 300A 63000]	850.000 €
Os medios necesarios	Rehabilitación de edificios do Plan de Infraestruturas [8075 300A 63000; 8075 3000 21300]	3.700.000 €
	Colaboración cos centros [8075 301A 63000]	620.000 €
	Aforro e eficiencia enerxética [8075 303A 63000; 8075 303B 63000]	4.800.000 €
	Plan director de transformación dixital e mellora das ferramentas de xestión [8051 3000 22700]	485.000 €
A transformación dixital	USC Virtual e accións de mellora das capacidades tecnolóxicas docentes [Unidigital -crédito a incorporar*]	700.000 €
	Mellora dos equipamentos informáticos e multimedia e uso de recursos na nube [Unidigital – crédito a incorporar*]	688.000 €
A colaboración institucional	PERTE Nova Economía das Linguas – Proxecto Nós [8050 7000 64100]	700.000 €

**financiamento plurianual procedente do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia concedido en 2021.*

II. BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA PARA O 2023

A xestión do orzamento da Universidade para o exercicio 2023, tanto polo que se refire aos dereitos ou ingresos como ás obrigas ou gastos, realizarase de acordo co previsto nestas bases de execución e segundo o disposto no Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, así como polas seguintes normas:

- Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades. BOE núm. 307, do 24 de decembro de 2001 e as posteriores modificacións.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. BOE núm. 103, de 30 de abril de 2012.
- Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. BOE núm. 168, do 14 de xullo de 2012.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro.
- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021 polo que se aproba o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.
- Acordo do Congreso dos Deputados, do 22 de setembro de 2022, polo que se aprecia que persisten as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais. (Diario de sesións do Congreso dos Deputados, núm. 210. XIV Lexislatura. Ano 2022)
- Lei 4/2022, do 22 de novembro, pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.
- Regulamento de xestión orzamentaria da USC, aprobado polo Consello de Goberno o 29 de decembro de 2020, modificado por acordo do Consello de Goberno do 22 de xullo de 2022, e do Consello Social do 28 de xullo de 2022.
- Regulamento de indemnizacións por razón do servizo, aprobado no Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020.

O Regulamento de xestión orzamentaria da USC (en diante, o Regulamento) establece no artigo 35 a necesidade de realizar unha planificación previa das actividades precisas para a consecución dos obxectivos fixados, de forma que se garanta a execución eficiente dos créditos do orzamento no exercicio, e o cumprimento dos prazos marcados polo ciclo orzamentario.

Atendendo á premisa recollida nese artigo teranse en conta as seguintes bases normativas:

Artigo 1. Definición e contido

1. Os orzamento da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, o orzamento) constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que como máximo pode recoñecer e dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario.

2. Nos estados de ingresos do orzamento recóllense as estimacións dos dereitos recoñecidos que se prevén liquidar durante o exercicio por importe de 287.890.599 euros, distribuídos da seguinte forma:

INGRESOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
III	Prezos públicos e outros ingresos	1.041.250	33.770.250	34.811.500
IV	Transferencias correntes	4.416.803	151.159.374	155.576.177
V	Ingresos patrimoniais	-	669.600	669.600
VI	Alleamento investimentos reais	-	-	-
VII	Transferencias de capital	59.626.146	37.207.176	96.833.322
	TOTAL NON FINANCEIRO	65.084.199	222.806.400	287.890.599
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	-	-	-
	TOTAL FINANCEIRO	-	-	-
	TOTAL	65.084.199	222.806.400	287.890.599

3. Nos estados de gastos do orzamento consígnanse créditos por importe de 287.890.599 euros, distribuídos da seguinte forma:

GASTOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
I	Gastos de persoal	-	169.167.247	169.167.247
II	Gastos correntes	1.135.000	31.103.744	32.238.744
III	Gastos financeiros	-	795.000	795.000
IV	Transferencias correntes	1.800.000	2.499.625	4.299.625
V	Fondo continxencia	-	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	56.114.884	21.900.099	78.014.983
VII	Transferencias de capital	-	-	-
	TOTAL NON FINANCEIRO	59.049.884	226.215.715	285.265.599
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	-	2.625.000	2.625.000
	TOTAL FINANCEIRO	-	2.625.000	2.625.000
	TOTAL	59.049.884	228.840.715	287.890.599

4. Canto aos orzamentos estimativos ou de explotación dos entes instrumentais da USC (Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P. e Fundación Dieta Atlántica) así como o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), e o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga) ascenden a un importe total de 15.502.261,92 euros.

O importe das transferencias previstas a realizar desde a USC é de 442.000 euros, de acordo coa seguinte desagregación:

Entidade	Orzamento			Subvencións		
	Explotación	Capital	Total	De explotación	De capital	Total
Fundación USC	8.202.986,96	0	8.202.986,96	440.000	0	440.000
CISUG	5.878.061,66	0	5.878.061,66	0	0	0
CITMAga	1.417.553,30	0	1.417.553,30	0	0	0
Fundación Dieta Atlántica	3.660	0	3.660	2.000	0	2.000
Total	15.502.261,92	0	15.502.261,92	442.000	0	442.000

Artigo 2. Vinculación dos créditos

1. Os créditos que figuran no orzamento de gastos asignados a centros ou unidades orgánicas terán a vinculación que se indica no artigo 23 do Regulamento, coas seguintes características adicionais:

a) Logo da aprobación da Xerencia, poderán desagregarse os créditos mantendo o nivel de vinculación necesario para ofrecer información coherente cos condicionamentos do financiamento e coas particularidades da dedución de IVE en función da natureza do gasto.

b) Os créditos destinados a gastos de persoal, terán vinculación a nivel de capítulo, agás o artigo 15 (incentivos ao rendemento e gratificacións), que mantén a súa vinculación a nivel de artigo.

Artigo 3. Modificacións e redistribucións de crédito

1. As modificacións de crédito, reguladas na sección 2ª do capítulo V do Regulamento, esixirán unha proposta motivada da variación que se efectúe e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2. De acordo coa natureza xurídica prevista no artigo 26 do Regulamento non terán a condición de modificacións as redistribucións de crédito, autorizadas polo reitor, entendidas como as transferencias que se realicen desde as partidas que teñen a consideración de fondos para dotar de crédito ás partidas para a realización das actividades específicas que se aproben, en particular:

- Actividades singulares de I+D: proxectos, contratos, reunións científicas, convenios e infraestruturas de investigación con financiamento externo.
- Cursos posgrao propio e actividades formativas singulares.
- Cursos de verán.
- Gastos de tribunais de teses de doutoramento.
- Concursos para a provisión de prazas.
- Prácticas de campo.
- Gastos ocasionados pola cesión temporal de espazos.

3. A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 27 do Regulamento, de conformidade coas regras establecidas nos seguintes apartados.

4. Correspóndelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:

- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- As ampliacións de crédito.
- Con carácter xeral, as transferencias de crédito entre operacións correntes e operacións de capital.

Non obstante, habilítase ao reitor para que, de xeito extraordinario, poida autorizar as transferencias de crédito que se recollen nas distintas epígrafes do citado artigo 27, parágrafo 2º, do Regulamento e aquelas referidas ao suposto de transferencias propostas no primeiro trimestre do exercicio polos centros docentes entre os créditos recibidos para gastos correntes e investimentos, de conformidade co disposto no artigo 4, así como no caso de que sexa preciso atender actuacións non previstas e inaprazables.

5. A dotación do crédito aprobado para a anualidade 2023 das actividades de investigación realizarase mediante redistribucións de crédito desde as partidas de fondos que figuran nos estados de gastos, conforme o indicado no apartado 2 deste mesmo artigo, que se corresponderán coa anualidade indicada na respectiva resolución de subvención e, no caso de contratos ou servizos, co importe facturado no exercicio.

6. As dotacións específicas para a realización dos cursos de posgrao faranse de xeito análogo ao establecido no parágrafo anterior mediante distribucións de crédito desde a partida de fondos ás partidas correspondentes de cada curso, segundo a proposta do Centro de Estudos Propios.

Artigo 4. Crédito descentralizado

1. No primeiro trimestre de 2023 os centros docentes, departamentos e outros centros remitirán á Xerencia a planificación do gasto corrente e de investimento para o exercicio, que contemplará, se fora o caso, as modificacións precisas entre os capítulos de gasto corrente e investimentos.

2. As modificacións que se soliciten fóra do período e da planificación indicada na alínea anterior deberán estar suficientemente motivadas e serán autorizadas pola Xerencia.

Artigo 5. Gastos de persoal

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2023.

2. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos públicos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos. Así mesmo, poderán xerar crédito no capítulo I os ingresos derivados do financiamento por terceiros de custos da estrutura de persoal.

3. Terán a consideración de crédito ampliable os créditos para o pagamento dos conceptos de produtividade investigadora, complementos retributivos autonómicos, complementos asistenciais SERGAS e complemento asistencial Rof Codina.

4. A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

5. As axudas destinadas a financiar os seguintes gastos imputaranse con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social:

a) Axudas para prezos públicos dirixidas ao persoal por servizos académicos no Sistema Universitario de Galicia

b) Medidas de apoio a traballadores que teñan ao seu cargo fillos ou fillas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

c) Seguros de vida, invalidez e morte.

d) Plans de pensións.

e) Gratuidade ou bonificación no uso da Escola Infantil Breogán e o cheque infantil no Campus de Lugo.

f) Custo dos programas vacacionais de intercambio

g) Anticipos reintegrables

Artigo 6. Compromisos plurianuais e tramitación anticipada

1. Poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, nos tipos de gastos e coas limitacións indicadas no artigo 45 do Regulamento.

2. Os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2023 e en anos posteriores esixen a contabilización da anualidade en cadanseu exercicio, así como a súa actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais.

3. Poderán tramitarse anticipadamente no exercicio 2023 expedientes de gasto, con imputación no exercicio seguinte, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos termos e condicións previstas no artigo 46 do Regulamento.

4. En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación administrativa

ou de persoal para os exercicios futuros, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

5. Así mesmo, no exercicio 2023 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos administrativos ou de persoal en vigor. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado, no caso de contratos de contía variable, de acordo coa información subministrada polo servizo competente.

Artigo 7. Directores e directoras de unidades de gasto

A autorización do gasto será requisito previo á súa efectividade. De non contar con ela, considerarase que o gasto non corresponde á Universidade de Santiago de Compostela, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar das actuacións realizadas.

Os responsables das unidades de gasto velarán polo estrito cumprimento do previsto no apartado anterior.

Artigo 8. Plan de Medidas Antifraude e Prevención de Riscos de Xestión da Universidade de Santiago de Compostela

O Plan de Medidas Antifraude e Prevención de Riscos de Xestión da USC será de aplicación a todas as actuacións financiadas con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. Así mesmo, servirá como pauta para o resto da xestión da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 9. Imputación de gastos

1. Con cargo aos créditos asignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos e demais gastos en xeral que se realicen no ano natural 2023.

2. O xerente, por delegación do reitor, poderá determinar por proposta do director ou directora da unidade de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

3. Imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior a facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores e as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao peche dese exercicio, por non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 10. *Remanentes de crédito*

1. De conformidade co establecido no artigo 33 do Regulamento, procederase á anulación daqueles créditos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas, salvo os supostos de incorporación previstos no parágrafo 2º dese mesmo artigo, que se refiren a gastos con financiamento afectado e á aprobación de programas propios plurianuais.

2. Poderán non obstante incorporarse adicionalmente os créditos mencionados no artigo 33.3 do Regulamento, de acordo coa posibilidade de financiamento a través do remanente non afectado de tesouraría.

3. A incorporación dos remanentes de crédito deberá ser autorizada polo reitor, e darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.

4. Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación.

Artigo 11. *Fondo de continxencia e outros imprevistos*

1. O crédito habilitado no capítulo V de gasto terá como finalidades prioritarias as seguintes:

- Necesidades sobrevidas e inaprazables que comprometan o normal desenvolvemento das funcións da USC, sempre que non exista un crédito específico para atendela.
- Posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións.
- Custos financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver.

- Custes derivados da execución de sentenzas xudiciais.
 - Circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i.
2. Correspóndelle á Xerencia a xestión deste fondo, quen dará conta da aplicación da súa dotación ao Consello de Goberno e ao Consello Social.
 3. O remanente de crédito ao final do exercicio non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio.

Artigo 12. *Contratación administrativa*

1. A contratación administrativa na Universidade de Santiago de Compostela realizarase de conformidade coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e consonte o disposto nas instrucións da Xerencia vixentes. A unidade administrativa encargada de asesorar, impulsar e xestionar a contratación administrativa na USC é o Servizo de Contratación e Patrimonio, que depende da Xerencia.
2. De acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei, a tramitación dos expediente relativos a contratos menores reducirase aos requisitos e á documentación prevista nese artigo. Non obstante, salvo autorización expresa da Xerencia, será esixible a solicitude de tres ofertas para contratos que superen os 12.000 euros no caso de servizos e subministracións, e 25.000 euros no caso de obras.

Artigo 13. *Responsables dos contratos*

1. Terán a condición de responsables dos contratos os directores ou directoras das unidades de gasto, ou ben aquelas persoas responsables das unidades técnicas ou administrativas que propoñan a súa licitación.
2. Corresponderán ás persoas responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:
 - a) Xustificar, mediante un informe, a necesidade de celebración do contrato, así como tramitar a correspondente proposta de gasto, que deberá estar asinada e contabilizada pola persoa responsable da unidade económica.
 - b) Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

- c) Elaborar o prego de prescricións técnicas.
- d) Nos contratos que se liciten por procedemento con negociación, colaborar co Servizo de Contratación e Patrimonio na solicitude formal de ofertas aos licitadores, e desenvolver o proceso de negociación de acordo cos criterios que figuren no anexo I do PCAP.
- e) Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.
- f) Asinar as facturas correspondentes unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, subministracións ou servizos contratados.
- g) Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente.
- h) Por en coñecemento do Servizo de Contratación e Patrimonio calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.

3. Nos contratos de obras, a persoa responsable do contrato será, con carácter xeral, o director facultativo da obra.

4. As persoas responsables dos contratos de servizos que afecten con carácter xeral a varios centros, servizos e dependencias da Universidade, articularán un procedemento que permita o control e seguimento descentralizado do cumprimento das prestacións contratadas.

Artigo 14. Supervisión dos proxectos de obras

A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a Universidade realizarase por unha unidade de supervisión de proxectos, constituída inicialmente por unha persoa da Área de Infraestruturas con habilitación para a supervisión da viabilidade técnica dos proxectos designada pola Xerencia, e por unha persoa do Servizo de Control Interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa requirido para o normal desenvolvemento das súas funcións. Esta unidade será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

Artigo 15. Control de terceiros

1. Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica ás empresas, entidades e profesionais para seren adxudicatarios de contratos coa USC. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme o disposto na Lei 9/2017.

2. Así mesmo, deberán acreditar estaren ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e non estaren incurso en ningunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación de contratos públicos.

3. A USC poderá requirir a subscrición dunha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais cando se trate de empresas que exerzan actividades de prestación de servizos e, de ser o caso, aqueloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.

4. O incumprimento por parte destes empresarios dos requirimentos que se lles efectúe polos servizos competentes da Universidade, en relación coa xustificación das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contradictorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar coa administración.

Artigo 16. Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación

1. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo da Universidade derivada das súas actuacións irregulares en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia Universidade, esixirase segundo o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2. A infracción ou aplicación indebida por parte do persoal ao servizo da USC dos preceptos contidos na vixente lexislación de contratos do sector público, así como na aplicación das presentes bases, será causa de responsabilidade disciplinaria

cando exista negligencia grave debidamente probada, podendo constituír falta moi grave consonte á normativa aplicable.

Artigo 17. *Tarifas*

Corresponde ao Consello Social a aprobación das tarifas que a Universidade aplique pola prestación de servizos, por proposta da Xerencia, acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

As tarifas que se publiquen nos respectivos servizos deberán incorporar a referencia da data de aprobación polo Consello Social.

Artigo 18. *Indemnizacións por razón do servizo*

1. O Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 29 de decembro de 2020, establece os supostos que dan dereito a abonar contías por estes conceptos con cargo ao orzamento da USC.

Para o aloxamento nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo, darase prioridade ás residencias universitarias propias e á Casa Europa. A Xerencia pode esixir a acreditación da non dispoñibilidade de praza nas citadas dependencias para autorizar a tramitación do gasto ou a reposición de fondos.

2. O artigo 9.6 do Regulamento citado prevé que, en determinadas circunstancias, poderá elevarse o importe por aloxamento ata un 50% con respecto ao importe establecido. Para a xustificación dese incremento requirirase:

- Un informe da persoa que exerza a dirección da unidade de gasto, para incrementos de ata un 10%.
- Documentación acreditativa da imposibilidade de contratación por importe inferior para incrementos superiores ao 10%.

Permitirase a imputación do gasto por aloxamento con aplicación dos anteriores incrementos porcentuais, sempre e cando estea correctamente xustificado o dito incremento e sexa considerado como elixible por parte dos organismos financiadores para os casos de créditos afectados.

3. O pagamento das axudas de custo e locomoción terá carácter preferente.

Artigo 19. Normas en relación con gastos por atencións protocolarias, formación e outros

1. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha motivación suficiente, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

2. En canto ás cotas por pertenza á asociacións só poderá imputarse ao orzamento da USC o gasto correspondente a cotas a título particular cando se acredite que non existe a opción de cota institucional, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

3. Os gastos que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia, non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, cursos básicos de informática, idiomas e similares.

Non obstante, poderase autorizar a imputación do gasto de formación individual nunha materia específica cando esa formación sexa necesaria para o desempeño do posto na USC. Así mesmo, poderán autorizarse este tipo de gastos en cursos de idiomas sempre e cando sexan impartidos ou xestionados polo CLM.

4. Nas retribucións correspondentes a conferencias cando se superen os 400 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

5. O pagamento de retribucións por colaboracións ao Persoal de administración e servizos será autorizado pola Xerencia de conformidade coa normativa aplicable.

6. A compra de libros electrónicos con cargo ao orzamento da USC non poden limitarse a un uso unipersoal, senón que os contidos deben ser accesibles de acordo cos criterios da Biblioteca Universitaria.

Artigo 20. Gastos contratados no comercio electrónico

1. Só poderán realizarse compras de material funxible ou inventariable mediante comercio electrónico cando o provedor emita unha factura cuxo destinatario sexa a

Universidade e inclúa os seus datos fiscais (NIF Q1518001A; enderezo fiscal: Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela)

O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

2. No suposto de gastos en transporte público tramitados a través de comercio electrónico non será necesaria a factura dirixida á Universidade, indicada no apartado anterior, servindo de xustificante para a axuda de custo e locomoción para a contratación de billetes de avión, tren ou outro medio de transporte público. A documentación xustificativa deste gasto será a confirmación de reserva na que se indique a contía, a tarxeta de embarque, e a xustificación de ter realizado o pagamento.

3. De acordo coa política de fomento da contratación pública con pequenas e medianas empresas (Pemes), presente tanto nas directivas de contratación pública comunitarias como na lexislación de contratos vixente, incentivarase na medida do posible o número de ofertas recibidas por parte de operadores económicos que reúnan tal condición.

Artigo 21. Ingresos para a compensación de custos indirectos

1. Os ingresos para a compensación dos custos indirectos serán os establecidos no anexo H dos orzamentos. A porcentaxe mínima a aplicar sobre a base imponible das actividades será do 15% para as actividades non incluídas no anexo.

2. O único límite á aplicación dos custes indirectos será o establecido polas entidades financiadoras sobre a elixibilidade ou non dos mesmos.

3. Por resolución reitoral poderanse aprobar porcentaxes bonificadas de ingresos por custos indirectos para actividades que, polo seu carácter estratéxico ou por motivos de interese público, se aliñen cos obxectivos e fins da Institución.

Disposición adicional primeira. Operacións de crédito a curto prazo.

Para atender necesidades transitorias de tesouraría, autorízase ao reitor a concertar operacións de crédito a curto prazo, que non excedan de un ano, sempre que exista crédito suficiente nas partidas de gasto. Para estes efectos terán a consideración de operacións de crédito a curto prazo, entre outras, os préstamos e

créditos concedidos por entidades financeiras para cubrir desfases transitorios de tesouraría.

Disposición adicional segunda. *Adaptación das partidas do orzamento.*

Se, como consecuencia da aprobación de reestruturacións orgánicas ou de medidas de racionalización na xestión do gasto, se producen cambios na codificación das partidas do orzamento os compromisos adquiridos serán imputados de oficio nas partidas resultantes.

Disposición adicional terceira. *Recoñecemento extraxudicial de créditos.*

Sen prexuízo do procedemento indicado no artigo 7 establécese un procedemento excepcional de recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de terceiros, referido a aqueles gastos que non foron legalmente establecidos para os que se dispón no exercicio corrente de crédito adecuado e suficiente. Nestes supostos a imputación ao exercicio corrente requirirá de:

- Solicitud motivada da persoa que exerza a dirección da unidade de gasto
- Informe sobre as repercusións xurídicas do recoñecemento extraxudicial de créditos - Informe favorable do Servizo de Control Interno
- Proposta de aprobación por parte da Xerencia
- Autorización definitiva polo Consello de Goberno e Consello Social.

Disposición adicional cuarta. *Clasificación das partidas do orzamento.*

1. De acordo cos obxectivos declarados na exposición de motivos do Regulamento de xestión orzamentaria, a Xerencia actualizará as clasificacións económicas das partidas de gastos e ingresos adaptándoas á clasificación da administración da Comunidade Autónoma e do Estado para aquelas tipoloxías de créditos que sexan comúns, e especificando os créditos que, pola súa singularidade, non teñan equivalencia noutras administracións.

2. A Xerencia elaborará igualmente unha proposta de clasificación funcional dos gastos, que atenderá aos fins atribuídos á USC como universidade pública, e permita unha mellor categorización e comprensión da utilización dos recursos públicos xestionados.

3. As clasificacións indicadas serán publicadas pola Xerencia e manteranse actualizadas permanentemente do mesmo xeito que a clasificación orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento das bases de execución.*

Facúltase ao Xerente da Universidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nestas bases.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Estas bases e os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2023 entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2023.

III. ANEXOS

Anexo A. Estrutura orgánica da xestión orzamentaria

ÓRGANOS DE GOBERNO

Código	Unidade
8010	Reitor
8192	Gabinete do Reitor
7540	Delegado do reitor para o Deporte
8306	Delegado do reitor para o Ensino Medio
8304	Delegada do reitor para a Igualdade
8302	Delegada do reitor para a Racionalización e Calidade Normativa
8303	Delegado do reitor para a Transferencia do Coñecemento
8301	Delegada do reitor para o Campus Terra
8193	Delegado de Protección de Datos
7575	Valedor da Comunidade Universitaria
8042	Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo
8043	Vicerreitoría de Estudantes e Cultura
7600	Servizo Universitario de Residencias (SUR)
7051	Museo Domus do Mitreo
8046	Vicerreitoría de Profesorado
8050	Vicerreitoría de Política Científica
7038	Area de Promoción e Estratexia Científica
7039	Área de Infraestruturas de Investigación
7010	Biblioteca Universitaria (BUSC)
7015	Arquivo Histórico
7025	Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
7040	Observatorio Astronómico "Ramón María Aller"
7050	Museo de Historia Natural
7069	Rede de Estacións Biolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela (REBUSC)
2268	Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA)
8051	Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación
7505	Área de Tecnoloxías da Información e da Comunicación (ATIC)
7570	Servizo de Normalización Lingüística
8052	Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización
5505	Centro de Estudos Propios (CEP)
5511	Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)
8060	Secretaría Xeral
8070	Consello Social
8075	Xerente
8191	Vicexerencia Xeral Técnica
8186	Área de Planificación e Innovación Administrativa

- 8187 Área Económica
- 8184 Área Académica
- 7539 Área de Infraestruturas
- 7036 Área de Xestión da Investigación
- 7522 Centro de Formación de Persoal
- 7521 Centro de Datos e Procesos
- 8183 Unidade de Administración do Campus de Lugo
- 7020 Servizo de Medios Audiovisuais (SERVIMAV)
- 7510 Imprenta Universitaria
- 7520 Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE)
- 7535 Escola Infantil Breogán
- 7517 Parque Móbil

FACULTADES E ESCOLAS TÉCNICAS SUPERIORES

- 5010 Facultade de Bioloxía
- 5011 Facultade de Ciencias
- 5012 Facultade de Ciencias da Comunicación
- 5013 Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- 5014 Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
- 5015 Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- 5016 Facultade de Ciencias da Educación
- 5017 Facultade de Formación do Profesorado
- 5024 Facultade de Relacións Laborais
- 5025 Facultade de Dereito
- 5035 Facultade de Farmacia
- 5040 Facultade de Filoloxía
- 5045 Facultade de Filosofía
- 5050 Facultade de Física
- 5053 Facultade de Humanidades
- 5055 Facultade de Medicina e Odontoloxía
- 5056 Facultade de Óptica e Optometría
- 5057 Facultade de Enfermaría
- 5060 Facultade de Matemáticas
- 5064 Facultade de Psicoloxía
- 5065 Facultade de Química
- 5070 Facultade de Veterinaria
- 5075 Facultade de Xeografía e Historia
- 5250 Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- 5260 Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS

- 2101 Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
- 2103 Departamento de Dereito Común
- 2108 Departamento de Fundamentos da Análise Económica
- 2109 Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
- 2110 Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
- 2111 Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular
- 2112 Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía
- 2113 Departamento de Fisioloxía
- 2114 Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola
- 2120 Departamento de Ciencias Morfolóxicas
- 2122 Departamento de Filoloxía Galega
- 2127 Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
- 2128 Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación

- 2132 Departamento de Física Aplicada
- 2137 Departamento de Historia da Arte
- 2140 Departamento de Xeografía
- 2142 Departamento de Matemática Aplicada
- 2146 Departamento de Química Inorgánica
- 2147 Departamento de Química Física
- 2148 Departamento de Química Orgánica
- 2149 Departamento de Enxeñaría Química
- 2150 Departamento de Electrónica e Computación
- 2152 Departamento de Ciencias da Comunicación
- 2165 Departamento de Economía Cuantitativa
- 2167 Departamento de Patoloxía Animal
- 2183 Departamento de Botánica
- 2186 Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
- 2189 Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias
- 2190 Departamento de Bioloxía Funcional
- 2191 Departamento de Ciencia Política e Socioloxía
- 2192 Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría
- 2193 Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas
- 2194 Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
- 2195 Departamento de Didácticas Aplicadas
- 2196 Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica 2197
Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
- 2198 Departamento de Filosofía e Antropoloxía
- 2199 Departamento de Historia
- 21A1 Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
- 21A2 Departamento de Matemáticas
- 21A3 Departamento de Pedagogía e Didáctica
- 21A4 Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría
- 21A6 Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física
- 21A7 Departamento de Economía Aplicada
- 21A8 Departamento de Física de Partículas
- 21A9 Departamento de Enxeñaría Agroforestal
- 21B1 Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
- 21B2 Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina

ESCOLAS DE ESPECIALIZACIÓN PROFESIONAL

- 6510 Escola de Práctica Xurídica

CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN

- 2002 Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)
- 2003 Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS)
- 2005 Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS)
- 2010 Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)

INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

- 6010 Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
- 6015 Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
- 6025 Instituto da Lingua Galega (ILG)
- 6030 Instituto de Criminoloxía
- 6036 Instituto de Materiais (iMATUS)
- 6040 Instituto de Ciencias Forenses "Luis Concheiro" (INCIFOR)

6046 Instituto de Investigación en Análises Químicas e Biolóxicas (IIAQBUS) 6075
Instituto de Acuicultura
6095 Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
(IBADER)

(acceso á información completa da [codificación corporativa](#))

Anexo B. Orzamento de ingresos 2023

CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	31000	PREZOS PÚBLICOS DE MATRÍCULA EN ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER	18.500.000	-	18.500.000
5505	31100	PREZOS PÚBLICOS ESTUDOS PROPIOS	1.100.000	-	1.100.000
8075	31102	UNIVERSIDADE DE VERÁN	70.000	-	70.000
7522	31103	CENTRO LINGUAS MODERNAS	100.000	-	100.000
5505	31106	MATRÍCULA DE CUARTO CICLO	55.000	-	55.000
8075	31900	PREZOS PÚBLICOS OUTROS ESTUDOS	7.500	42.500	50.000
8075	32000	INGRESOS DE OUTROS SERVIZOS E ACTIVIDADES	100.000	-	100.000
8075	32100	INSCRICIÓNS SEMINARIOS, CONGRESOS E XORNADAS	45.000	255.000	300.000
7600	32201	DEREITOS ALOXAMENTOS SUR	2.400.000	-	2.400.000
8050	32300	SERVIZOS PRESTADOS DE INVESTIGACIÓN	9.600.000	-	9.600.000
8075	32400	SERVIZOS PRESTADOS DOCENCIA	100.000	-	100.000
8010	32500	ACTIVIDADES DEPORTIVAS	520.000	-	520.000
7535	32600	ESCOLA INFANTIL	125.000	-	125.000
8075	32700	MUSEOS	60.000	-	60.000
8075	32800	SERVIZOS PRESTADOS ATENCIÓNS CLÍNICAS	120.000	680.000	800.000
8075	32900	OUTROS INGRESOS SERVIZOS PRESTADOS	11.250	63.750	75.000
7025	33000	VENDAS DE PUBLICACIÓNS	70.000	-	70.000
8075	33300	VENDA DE ENERXÍA ELÉCTRICA	140.000	-	140.000
8075	38100	REINTEGROS DO EXERCICIO CORRENTE	6.500	-	6.500

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	38103	COMPENSACIÓN DE CONSUMOS, SUBMINISTRACIONES CONCESIONARIOS	250.000	-	250.000
8075	38108	COMPENSACIÓN DE SEGUROS	40.000	-	40.000
8075	38109	COMPENSACIÓN DE CONSUMOS, COMPLEXO DOCENTE	100.000	-	100.000
8075	39900	OUTROS INGRESOS	250.000	-	250.000
TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS			33.770.250	1.041.250	34.811.500

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	41001	SERVIZO ESPAÑOL INTERNACIONALIZACIÓN (SEPIE) - ERASMUS DE ORGANISMOS PÚBLICOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	-	1.800.000	1.800.000
8075	43000	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. CUSTE ESTANDAR	-	467.501	467.501
8075	45501	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. CUSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG. CONSELLO SOCIAL	109.338.971	-	109.338.971
8075	45502	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. PANEL DE INDICADORES. INGRESOS CORRENTES	200.000	-	200.000
8075	45503	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	13.253.833	-	13.253.833
8075	45504	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. GASTO CORRENTE E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS	8.354.721	-	8.354.721
8075	45520	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS ESTATAIS SEXENIOS	9.564.103	-	9.564.103
8075	45521	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS ESTATAIS SEXENIOS	6.008.557	-	6.008.557

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	45540	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. CUSTE ESTANDAR (PRAZAS VINCULADAS)	4.339.677	-	4.339.677
8075	46000	CONCELLOS	99.512	563.902	663.414
8075	47000	EMPRESAS PRIVADAS	-	142.400	142.400
8075	47001	CONVENIO CO BANCO SANTANDER	-	1.400.000	1.400.000
8075	48000	FAMILIAS E INSTITUCIÓN S SEN FINS DE LUCRO	-	43.000	43.000
TOTAL CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES			151.159.374	4.416.803	155.576.177

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	54000	CESIÓN DE ESPAZOS	440.000	-	440.000
8075	55000	CONCESIÓN S ADMINISTRATIVAS	187.000	-	187.000
8075	59000	OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS	42.600	-	42.600
TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS			669.600	0	669.600

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8050	70100	OUTROS DEPARTAMENTOS MINISTERIAIS	116.839	2.219.941	2.336.780
8075	70199	FONDOS ESTATAIS PARA PROGRAMAS DO PLAN DE TRANSFORMACIÓN, RECUPERACIÓN E RESILIENCIA	-	5.323.428	5.323.428
8050	71020	AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN	3.883.945	11.651.835	15.535.780
8050	71021	INSTITUTO DE SALUD CARLOS III	8.663	49.088	57.751
8075	73000	DE ORGANISMOS PÚBLICOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	104.636	941.722	1.046.358
8075	75111	CONVENIOS COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA PARA INVESTIMENTOS	4.000.000	2.537.694	6.537.694
8050	75500	PGFU. FOMENTO DA INVESTIGACIÓN	3.145.635	28.310.712	31.456.347
8075	75501	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. PANEL DE INDICADORES	13.827.052	-	13.827.052
8075	75502	PGFU. MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS	3.780.602	-	3.780.602
8075	75560	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATEX	4.961.250	-	4.961.250
8075	76002	CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	-	79.086	79.086
8075	76150	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	-	370.500	370.500
8050	78000	FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	77.654	440.040	517.694
8050	79500	OUTRAS TRANSFERENCIAS DA UNIÓN EUROPEA	3.300.900	7.702.100	11.003.000
CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			37.207.176	59.626.146	96.833.322

Anexo C. Orzamento de gastos 2023

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL RESUMO POR COLECTIVOS:

Colectivo	Custes laborais	Orzamento 2023	
PDI Funcionario de Carreira	Retribucións básicas	24.978.747	76.856.247
	Retribucións complementarias	24.287.500	
	Cargos académicos	1.237.200	
	Complemento Mérito Docente	9.452.900	
	Complemento Mérito Investigador	6.231.000	
	Complementos Autonómicos	5.627.700	
	Complementarias SERGAS	2.695.200	
	Complementarias RofCodina	46.100	
	Seguridade Social	2.299.900	
PDI Laboral. Fixo	Retribucións básicas	5.401.900	21.193.100
	Retribucións complementarias	5.127.700	
	Complemento Mérito Docente	1.613.100	
	Complemento Mérito Investigador	705.900	
	Complementos Autonómicos	668.800	
	Seguridade Social	7.675.700	
PDI Laboral. Temporal	Retribucións básicas	6.956.800	11.051.600
	Retribucións complementarias	3.737.100	
	Seguridade Social	357.700	
PDI Funcionario e Laboral. Prestacións Seguridade Social		885.800	885.800
PDI Funcionario e Laboral. Plan de persoal	Plan de persoal	950.000	950.000
PAS Funcionario de Carreira	Retribucións básicas	6.315.915	18.298.505
	Retribucións complementarias	8.999.870	
	Cargos académicos	5.100	
	Seguridade Social	2.977.620	
PAS Funcionario. Eventual	Retribucións básicas	157.200	212.220
	Seguridade Social	55.020	
PAS Funcionario. Temporal	Retribucións básicas	2.583.985	8.645.875

	Retribucións complementarias	3.763.030	
	Seguridade Social	2.298.860	
PAS Laboral. Fixo	Retribucións básicas	11.420.976	18.295.510
